Concello de Vigo

# ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
## Sesión do 27 de outubro de 2023(1569/1102)

**ASISTENTES:**

**Membros :**
D. Abel Caballero Álvarez
Dª Mª Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
Dª Elena Espinosa Mangana
Dª Mª José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
Dª Yolanda Aguiar Castro
Dª Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e nove minutos do día vinte e sete de outubro de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(872).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión acta da sesión extraordinaria e urxente do 19 de outubro e ordinaria do 20 de outubro de 2023. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

NESTE INTRE AUSÉNTASE DA SESIÓN O CONCELLEIRO SR. RIVAS GONZÁLEZ.

**2(873).- DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE FORMIGÓNS E MORTEIROS. EXPTE. 91361/250.**

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada en data 20/10/2023, que di o seguinte:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros (91361-250)

A secretaria comunica que segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral non se presentou ningunha proposición a esta licitación dentro do prazo de presentación que remataba o 19 de setembro.

En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade, formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se trasponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros (91361-250)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 8 de setembro de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros (91361-250).

**Segundo.-** A licitación foi obxecto de publicación no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante o 22 de setembro de 2023, rematando o prazo de presentación de ofertas o 18 de outubro.

**Terceiro.-** Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 19 de outubro de 2023, non se presentou ningunha proposición para esta licitación.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1.g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición neste procedemento, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 19 de outubro de 2023, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, proponse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros (91361-250) por non terse presentado ningunha proposición".

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

INCORPÓRASE NOVAMENTE Á SESIÓN O CONCELLEIRO SR. RIVAS GONZÁLEZ.

**3(874).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ORIENTADAS Á MELLORA DAS INSTALACIÓNS DE CAMPOS DE FÚTBOL DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 22585/333.**
Visto o informe xurídico de data 19/10/2023 e o informe de fiscalización do 20/10/2023, dáse conta do informe-proposta do 19/10/2023, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o tećnico de deportes e conformado polo concelleiro-delegado e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 22585/333 de proposta de resolución do procedemento relativo á convocatoria de subvencións orientadas á mellora das instalacións de campos de fútbol da cidade de Vigo, procédese a informar sobre a consideracións observadas pola intervención do Concello e á modificación da proposta que a continuación se detalla:

1. Corrixiuse o apartado 2 dos antecedentes da proposta, quedando o mesmo como se detalla a continuación:

   2. A base 14ª establece no seu apartado 2 que a Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instrutor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada, previo informe da xefatura de Deportes.

2. Corrixiuse o apartado 4 dos antecedentes da proposta, quedando o mesmo como se detalla a continuación:

   4. Segundo a base 14ª (apdo. 1) a Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das solicitudes se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

   Este informe proposta inclúe o informe da comisión avaliadora asinado ao pe deste escrito por todos os seus membros, conformado pola xefatura de Deportes e polo órgano instrutor do presente procedemento, que será o competente para elevar esta proposta de resolución á Xunta de Goberno Local ao abeiro do establecido na Resolución do Alcalde do 19 de xuño de 2023 (BOP núm. 124, do 28 de xuño de 2023) relativa á delegación de competencias.

Polo exposto, procede a modificación da proposta considerando e atendendo a observación detallada:

**ANTECEDENTES**

1. A Xunta de Goberno local acordou aprobar, na sesión ordinaria do 08 de xuño de 2023, as bases reguladoras e os criterios de avaliación da convocatoria para as "subvencións orientadas á mellora das instalacións de campos de fútbol da cidade de Vigo por un importe total de 50.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 3420.7800011.

2. A base 14ª establece no seu apartado 2 que a Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instrutor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada, previo informe da xefatura de Deportes.

3. O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, foi de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. O anuncio do extracto da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial de Pontevedra (26/06/2023), polo que o prazo rematou con data 24/07/2023.

4. Segundo a base 14ª (apdo. 1) a Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das solicitudes se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

Este informe proposta inclúe o informe da comisión avaliadora asinado ao pe deste escrito por todos os seus membros, conformado pola xefatura de Deportes e polo órgano instrutor do presente procedemento, que será o competente para elevar esta proposta de resolución á Xunta de Goberno Local ao abeiro do establecido na Resolución do Alcalde do 19 de xuño de 2023 (BOP núm. 124, do 28 de xuño de 2023) relativa á delegación de competencias.

**FUNDAMENTOS**

**Primeiro.-** Con data 25 de setembro de 2023 reuniuse o órgano de avaliación (base 14ª), na Concellería de deportes, ás 09:00h.

Dita comisión quedou constituída coa asistencia do concelleiro delegado de Deportes, o xefe de servizo-director deportivo da Concellería de Deportes, e o técnico deportivo do servizo de Deportes, como secretario, tal e como establecen as bases reguladoras da presente convocatoria.

Esta comisión será a encargada da avaliación das solicitudes de subvención correspondentes á convocatoria de subvencións orientadas á mellora das instalacións de campos de fútbol da cidade de Vigo 2023.

Tamén será a competente para formular a proposta motivada de concesión das subvencións convocadas, á Xunta de Goberno Local, previa avaliación das solicitudes presentadas, tal e como establece a base 14ª das reguladoras desta convocatoria (BOP núm. 119, do 21 de xuño de 2023).

**Segundo.-** Dentro do prazo de presentación de solicitudes foron presentadas as seguintes solicitudes:

a) Con data 21/07/2023 e núm. de documento 230220091 presentou solicitude a entidade Fomento Centros de Enseñanza S.A (CIF. A28126597), xunto á que achega a seguinte documentación:

1. Anexo I.1.
2. Anexo I.2
3. Escritura de protocolarización de acuerdos sociales outorgada pola Sociedade denominada "Fomento de centros de Enseñanza S.A.
4. Inscrición no Rexistro Mercantil de Madrid.
5. DNI de María Mar Contreras Luzón.
6. Novación de contrato de arrendamiento.
7. CIF
8. Certificado de conta bancaria.
9. Acordo de fusión con Centros infantiles Kid's Garden.
10. Nota de inscrición no Rexistro Mercantil de Madrid 2021.
11. Certificado de ausencia de deudas coa Axencia Trib. De Galicia.
12. Certificado de ausencia de deudas coa Seguridade Social.
13. Certificado de ausencia de deudas coa AEAT.
14. Proxecto deportivo.
15. Orzamentos obra.

b) Con data 19/07/2023 e núm. de documento 230218510 presentou solicitude a entidade Club Deportivo Valladares (CIF. G36629657) xunto á que achegou a seguinte documentación:

1. Anexo I.2.
2. Certificados de ausencia de débedas coa AEAT, S.Social e ATRIGA.
3. Certificado de conta bancaria.
4. Certificado de propiedade da instalación.
5. Certificado de licencias.
6. CIF
7. DNI representante legal.

8. Certificado de composición de xunta directiva.
9. Certificado de ausencia de débedas co Concello.
10. Memoria valorada.
11. Proxecto deportivo.
12. Rexistro de instalacións de Galicia.
13. Solicitude de renuncia a continuar no procedemento (Doc. 230295214).

**Terceiro.-** Analizadas as solicitudes e documentación presentadas o órgano instrutor advirte que:

a) A entidade a entidade Fomento Centros de Enseñanza S.A (CIF. A28126597), incumpre un dos requisitos establecidos na base 5ª (requisitos para ser beneficiaria) das reguladoras da presente subvención, xa que segundo o documento presentado pola propia entidade consistente no documento que acredita a inscrición da entidade no Rexistro Mercantil de Madrid (escritura notarial 2021/2156) queda acreditado que é unha entidade con ánimo de lucro.

A base quinta literalmente dí (BOP núm 119, do 21 de xuño de 2023):

"(...) 2. Quedan excluídas expresamente desta convocatoria:

(...) - Entidades con ánimo de lucro"

b) O Club Deportivo Valladares (CIF. G36629657) o día 18-09-2023 presentou polo rexistro electrónico do Concello de Vigo (doc. 230295214) a renuncia expresa á solicitude presentada, asinada polo representante da entidade, Teodoro Davila, o 18-09-2023.

**Cuarto.-** A base 5ª establece expresamente que estarán excluídas desta convocatoria e polo tanto non poderán ser beneficiarias, as entidades con ánimo de lucro. A entidade Fomento Centros de Enseñanza S.A (CIF. A28126597) é unha entidade con ánimo de lucro, polo tanto, a súa solicitude non pode ser admitida na presente convocatoria.

**Quinto.-** Ao abeiro do establecido polo art. 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, o Concello aceptará de plano a renuncia e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose persoado no mesmo terceiros interesados/as, insten a súa continuación no prazo de dez días dende que foron notificados/as.

En cumprimento do disposto na base 14ª das reguladoras desta convocatoria, este órgano colexiado de avaliación xunto ao órgano instrutor do presente procedemento propón por unanimidade:

1. Inadmitir a solicitude de subvención presentada por Fomento Centros de Enseñanza S.A (NIF A28126597) por estar excluída deste convocatoria por ser unha entidade con ánimo de lucro, ao abeiro da base 5ª reguladora da convocatoria.
2. Aceptar a renuncia presentada pola entidade deportiva CD Valladares (G36629657) e declarar concluso o procedemento de solicitude de subvención de dita entidade, ao abeiro do establecido polo art. 94 da LPAC.
3. Declarar deserta a convocatoria de subvencións orientada á mellora das instalacións de campos de fútbol da cidade de Vigo para o ano 2023.
4. Publicar o presente acordo consonte o establecido pola normativa vixente en materia de subvencións.

5. Notificar o presente acordo a cantas persoas interesadas houbera no procedemento, ao abeiro dos arts 26 da LXS e 24 da LSG, con indicación de que o presente acordo esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses dende o seguinte ó da notificación, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e 8.1 e 46 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(875).- ADDENDA DE PRÓRROGA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA XESTORA DE CONCERTOS PARA A CONTRIBUCIÓN AOS SERVIZOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS-AIE, PARA A LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN DA CONTRIBUCIÓN ESPECIAL PARA O ESTABLECEMENTO, A MELLORA E AMPLIACIÓN DO SERVIZOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 3072/500.**

Visto o informe de fiscalización de data 19/10/2023, dáse conta do informe-proposta de data 11/10/2023, asinado pola técnica de Administración Xeral da Dirección de Ingresos, a directora de Ingresos e Xestión Catastras e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO:**

**Primeiro.-** En decembro do 2019 foi asinado polas partes "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A XESTORA DE CONCERTOS PARA A CONTRIBUCIÓN AOS SERVIZOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS- A.I.E., PARA A LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN DA CONTRIBUCIÓN ESPECIAL PARA O ESTABLECEMENTO, A MELLORA E AMPLIACIÓN DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS", aprobado na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 15 de novembro de 2019 (expediente 2606/500). Dito convenio atópase vixente.

Segundo.- Conforme ao establecido na Claúsula sexta do Convenio vixente, o prazo de vixencia deste é de catro anos, con efecto a partir do 1 de xaneiro de 2020 e vencemento o 31 de decembro de 2023, puidendo prorrogarse unha soa vez máis e ata un máximo de 4 anos adicionais, por acordo unánime das partes, que deberá ser formalizado antes da finalización do do seu prazo de vixencia. Así, dispón a Cláusula sexta do Convenio vixente o seguinte:

*"Sexta.- Prazo de vixencia (artigo 49.h) da LRXSP).*

*O presente Convenio estará vixente polo prazo de CATRO anos, con efecto a partir do 1 de xaneiro de 2020. Antes da finalización dese prazo, poderá ser obxecto de prórroga, por unha soa vez ata un máximo de catro anos adicionais, requeríndose acordo unánime para a devandita prórroga".*

Terceiro.- En data 4 de agosto de 2023 (rexistro electrónico W955285-3827) Gestora de Conciertos para la Contribución a los Servicios de Extinción de Incendios- A.I.E., como parte do convenio vixente tramitado en expediente 2606/500, remite a esta administración municipal borrador de Addenda para a prórroga do mesmo, a efectos do previsto na súa Cláusula sexta.

Cuarto.- En data 10/10/2023 o Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda incoou o presente expediente para aprobación da Addenda.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

**I.- Lexislación aplicable**
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en adiante, LRLG)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en adiante, LRXSP)
- Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo (en adiante, TRLRFL)
- Ordenanza Fiscal nº 7 reguladora das contribucións especiais
- Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras y reaseguradoras (LOSSEAR)

**II.-** O artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público regula no seu apartado h) o prazo de vixencia dos mesmos, dispoñendo:

*“1.º Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non e ser superior a catro anos, salvo que normativamente se prevea un prazo superior.*

*2.º En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción”.*

**III.-** Pola súa banda, a Cláusula sexta do Convenio vixente, en relación co prazo de vixencia, estipula que:

*“Sexta.- Prazo de vixencia (artigo 49.h) da LRXSP).*
*O presente Convenio estará vixente polo prazo de CATRO anos, con efecto a partir do 1 de xaneiro de 2020. Antes da finalización dese prazo, poderá ser obxecto de prórroga, por unha soa vez ata un máximo de catro anos adicionais, requeríndose acordo unánime para a devandita prórroga”.*

IV.- Atopándose vixente o Convenio (ata o 31 de decembro de 2023) e sendo vontade de ambas partes de prorrogar a súa vixencia nos termos do disposto na súa Cláusula sexta, cúmprense as condicións esixidas no artigo 49 da Lei 40/2015 para aprobar a presente addenda de prórroga, que se limita á extensión do convenio do 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro do 2027, mantendo inalterado o restante clausulado do mesmo vixente nos seus propios termos.

V.- A competencia para a aprobación da presente Addenda de prórroga do Convenio correspóndelle á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1.g) da LRBRL e Resolucións de Alcaldía de delegación de competencias de datas 19/06/2023 e 20/06/2023, para posterior sinatura polo Concelleiro da Area de Goberno de Orzamentos e Facenda (apartado Primeiro j) da Resolución da Alcaldía do 20/06/2023).

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o presente expediente á Intervención Xeral

De acordo co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, previa conformidade do Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

**Proposta de acordo**

**Primeiro.-** Prestar aprobación á "Addenda de prórroga ao Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e a Xestora de Concertos para a contribución aos servizos de extinción de incendios – A.I.E., para a liquidación e recadación da contribución especial para o establecemento, a mellora e ampliación do servizo de extinción de incendios" que se estenderá ata o 31 de decembro de 2027, co texto que a seguir se transcribe.

Segundo.- É competente para a sinatura da Addenda de prórroga o Concelleiro da Area de Goberno de Orzamentos e Facenda, en virtude do disposto no apartado Primeiro j) da Resolución da Alcaldía de delegación de competencias do 20/06/2023.

Terceiro.- Publicar o presente acordo no "Portal de Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Vigo (http://transparencia.vigo.org).

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ADENDA DE PRÓRROGA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A XESTORA DE CONCERTOS PARA A CONTRIBUCIÓN AOS SERVIZOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS - A.I.E PARA A LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN DA CONTRIBUCIÓN ESPECIAL PARA O ESTABLECEMENTO, A MELLORA E A AMPLIACIÓN DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS.

En Vigo, data da sinatura dixital

REUNIDOS

Don Jaime Aneiros Pereira, en representación do CONCELLO DE VIGO, debidamente facultado para iso en virtude do ordenamento vixente en materia de réximen local e das Resolucións de delegación de competencias de datas 19/06/2023 e 20/06/2023 (en adiante Concello).

D. Ricardo Bordería Orejas con DNI 00825193E en representación da Xestora de Concertos para a Contribución aos Servizos de Extinción de Incendios - A.I.E. (en adiante, “XESTORA”), en virtude de escritura de apoderamento de data 17 de xaneiro de 2023 outorgado polo Notario de Madrid. D. Antonio Huerta Trolez baixo o número 76 do seu protocolo e inscrito no Rexistro Mercantil de Madrid con data 7 de febreiro de 2023 ao tomo 41267, folio 165, e inscrición 191.

EXPOÑEN

PRIMERO. – Que con efecto 2020, asinouse entre O CONCELLO DE VIGO e a Xestora de Concertos para a Contribución aos Servizos de Extinción de Incendios – A.I.E para a liquidación e recadación da Contribución Especial para o establecemento, a mellora e a ampliación do servizo de extinción de incendios.

SEGUNDO.- Que conforme ao establecido na Cláusula Sexta do Convenio, éste ten un prazo de vixencia de 4 anos, con efecto a partir del 1 de enero de 2020 y vencemento o 31 de decembro de 2023, puidendo prorrogarse unha soa vez e ata un máximo de 4 anos adicionais, por acordo unánime das partes, que deberá ser formalizado antes da finalización do seu prazo de vixencia.

TERCEIRO.- Que co fin de dar continuidade á prestación obxecto de dito Convenio, as partes asinantes estiman necesario continuar con dita colaboración por un novo período de catro anos, de conformidade coas seguintes

ESTIPULACIONS

PRIMEIRA.- OBXECTO DA PRÓRROGA.

As partes asinantes acordan a prórroga, por 4 anos, do Convenio de Colaboración asinado entre o CONCELLO DE VIGO e a Xestora de Concertos para a Contribución aos Servizos de Extinción de Incendios – A.I.E para a liquidación e recadación da Contribución Especial para o establecemento, a mellora e a ampliación do servizo de extinción de incendios.

Polo tanto, os efectos da presente addenda a este Convenio de Colaboración se estenderán dende o día 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2027.

SEGUNDA.- CLÁUSULAS RESTANTES.

O resto do contido do Convenio quedará inalterado e vixente nos seus propios términos.

E en proba de conformidade, asinan o presente documento por duplicado exemplar e a un solo efecto, no lugar e data indicados no encabezamento.

Polo Concello, Pola XESTORA,

Asdo: Jaime Aneiros Pereira Asdo: Ricardo Bordería Orejas

**5(876).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA “FEDERACIÓN VIGUESA DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO” PARA COADXUVAR Á ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MAGOSTO 2023. EXPTE. 9939/335.**

Visto o informe xurídico de data 5/10/2023 e o informe de fiscalización do 19/10/2023, dáse conta do informe-proposta de data 03/10/2023, asinado polo enxeñeiro industrial (Resolución 22/09/2022) e conformado polo concelleiro-delegado da Área de Goberno, que di o seguinte:

O Concelleiro Delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, resolveu o día 26 de setembro de 2023, que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa “Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF G-36.704.666), para a realización da “Festa do Magosto 2023”, os vindeiros días 11 e 12 de novembro, na Praza do Berbés e nos barrios de Navia ou o Calvario, dentro da programación “Vigo en Festas 2023”.

A Festa do Magosto ven organizándose nos últimos anos na Praza do Berbés con gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns. Este programa o desenvolve a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF G-36.704.666), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: organizar e desenvolver eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en pro do engrandecemento cultural de Vigo.

A Federación de Peñas Recreativas El Olivo está en condicións de organizar a Festa do Magosto 2023, conforme ao Programa e ao Presuposto, recollidos como Anexo do texto do convenio. A presente edición da Festa do Magosto se desenvolverá os días 11 de novembro de 2023 na Praza do Berbés e o 12 de novembro de 2023 na explanada do Calvario ou de Navia, coa preparación e degustación das castañas, pregón e actuacións.

O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. Neste sentido o Magosto é un acontecemento festivo arraigado na cidade de Vigo que se ven celebrando dende fai máis de vinte anos.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia , e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se

poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" asinan dende o ano 1996 e de forma ininterrompida convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2 da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da "Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo". O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.489.0013, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio por importe de 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros a favor da "Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo" para coadxuvar aos gastos de desenvolvemento do programa "Festas de Vigo 2023"

O importe total deste convenio, de carácter anual, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a 9.500,00 euros.

Este convenio, queda suxeito ao cumprimento pola entidade dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social. A entidade encargarase da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 13.560,00 euros.

Pola súa banda, o Concello de Vigo, ademais de achegar a cantidade económica indicada, solicitará a presenza dos servizos de Protección civil e Policía local nos espectáculos e editará o material gráfico para a difusión da festa.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei 9/2007,de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada

momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o estabelecido na Lei 38/2003, nos artigos 20. 4 e 8 b).

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da Lei 9/2007de Subvencións de Galicia. Así mesmo, queda facultada o concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais para asinar o citado convenio, ao amparo do Decreto de delegación de competencias da Alcaldía de 21 e 28 de xuño de 2023.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais e do concelleiro de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

**PROPOSTA:**

"1º.- Que se aprobe o texto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a "Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo", CIF G-36.704.666, para a organización da "Festa do Magosto 2023".

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 9.500,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da "Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo" con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0013 (Convenio F.P.R. El Olivo-Magosto do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio económico.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO (G-36.704.666) PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MAGOSTO 2023

En Vigo, na data da sinatura dixital

**REUNIDOS**

Dunha parte, don ÁNGEL RIVAS GONZÁLEZ, na súa calidade de CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE PARQUES E XARDÍNS, COMERCIO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ E FESTAS ESPECIAIS DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en

virtude do Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros/as de área do Concello de Vigo conforme Decreto de Alcaldía de data 21/06/2023 e 28/06/2023.

Doutra, don Camilo Pais Martínez, (DNI 35.995.159-K) como presidente da Federación de Peñas recreativas de Vigo “El Olivo”, CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na rúa Otero Pedraio, nº 5 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 9939/335.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

**I.-** Os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión dunha subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa do MAGOSTO 2023, que se desenvolverá os días 11 e 12 de novembro de 2023, dentro do programa de actividades **“Vigo en Festas 2023**” na praza do Berbés e na explanada de Navia ou Calvario. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

**II.-** O Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, veñen asinando dende o ano 1996 e de forma ininterrompida, convenios de colaboración para desenvolver a Festa do Magosto, cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

**III.-** A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” ten entre outros fins, e segundo os seus estatutos, os de: organizar actividades educativas, culturais, deportivas e sociais diversas.

**IV.-** O Concello de Vigo, a través do Servizo de Festas, está interesado en preservar a cultura, folclore e as tradicións populares galegas, como é o caso da Festa do Magosto. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais. Neste sentido, o magosto é un acontecemento festivo arraigado na cidade de Vigo que se vén celebrando dende fai vinte anos no Casco Vello da cidade, primeiramente na Praza da Constitución, e na actualizade na Praza do Berbés e incorporando as explanadas de Navia ou Calvario.

**V.-** O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

**VI.-** O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

**VII.-** Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

**VIII.** O Concello de Vigo no seu vixente presuposto, na aplicación orzamentaria 3380.489.0013, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe 9.500,00 € (nove mil cincocentos euros), a favor da Federación de Peñas Recreativas El Olivo para o desenvolvemento da Festa do Magosto 2023.

**IX.-** A Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" non está incurso en prohibición para ser beneficiario das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 9939/335.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO" e, o CONCELLO DE VIGO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

**PACTOS**

**Primeiro.-** A Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" comprométese a colaborar co Concello en canto ao desenvolvemento da Festa do Magosto 2023 que terá lugar na praza do Berbés e na explanada de Navia ou o Calvario os días 11 e 12 de novembro de 2023, en particular a:

1º. Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste expediente.

6º.-Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza e do recibo correspondente, nos días previos ao inicio da festa.

8º.- Deixar as zonas que se utilizan para a festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Achegar un total de cen carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa “Vigo en Festas 2023”.

4º.- Conceder directamente a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, unha subvención por importe de 9.500,00 € (nove mil cincocentos euros) co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización da Festa do Magosto 2023.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES09 2080 5077 9330 4001 6285 da entidade ABANCA, e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o estabelecido no pacto noveno.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

**Oitavo.-** En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO”, está obrigado a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a  e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica https://sede.vigo.org

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

**Noveno.-** A beneficiaria, unha vez rematada a actividade subvencionada e antes do mes da segunda quincena do mes de novembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.

- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro

polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

**Décimo.-** No caso de que a Asociación se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como estabelece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo primeiro.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

**Décimo segundo.-** A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas Especiais emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.
Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do

obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.-** A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurarán o logotipo do Concello de Vigo e da Asociación, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas Especiais do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

**Décimo xesto.-** O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

**Décimo sétimo.**- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2023 e non será prorrogábel.

**Décimo oitavo.-** O concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

**Décimo noveno.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Vixésimo.-** Os datos persoais facilitados nos formularios son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento da cultura, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial.

Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

**Vixésimo primeiro.**- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será libre e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, estabelecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

**Vixésimo segundo.-** En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o estabelecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

**Vixésimo terceiro.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; así como a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan dixitalmente o presente convenio,

## 6(877).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN DE APOIO FAMILIAR E SOCIAL COAS PERSOAS USUARIAS DA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 11694/224.

Visto o informe xurídico de data 10/10/2023 e o informe de fiscalización do 18/10/2023, dáse conta do informe-proposta de data 22/09/2023, asinado pola xefa de Igualdade e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en data 9 de decembro de 2022, acorda adxudicar á FUNDACIÓN ALDABA (G82453606), o procedemento aberto para a contratación de servizos do *programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero* por un prezo total do contrato para un ano de duración de 30.800,00 euros, exento de IVE.

En data 20.12.2022, o Concello de Vigo (a través da concelleira delegada de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal), e a entidade adxudicataria (a través do representante da entidade), asinan o contrato. A cláusula 4ª do mesmo establece que o prazo do contrato é de

1 ano, contado a partir do día 28 de decembro de 2022. Están previstas, como máximo, dúas prórrogas de un ano de duración cada unha.

Segundo a cláusula 3ª do dito contrato, o pagamento do prezo do contrato aboarase segundo o estipulado na cláusula 11ª das follas de características do contrato (FEC), contidas no prego de cláusulas administrativas particulares.

Atendendo á cláusula 7ª apartado 3 do Prego de cláusulas administrativas particulares deste contrato, *"... Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato..."*

Co obxecto de propoñer a aprobación da primeira prórroga do contrato, este órgano xestor informa de que a xestión por parte da entidade adxudicataria está a ser satisfactoria, os traballos están a executarse eficazmente, e as obrigas establecidas no contrato están a cumprirse. Non se produciron incidencias por parte da empresa que afecten ao normal funcionamento do servizo, polo que se valora procedente continuar coa mesma adxudicataria e proceder á tramitación dunha primeira prórroga do contrato.

A teor do exposto, cómpre pois, propoñer a aprobación dunha prórroga do actual contrato que comprenderá o seguinte período: 28 de decembro de 2023 ao 27 de decembro de 2024 (ambos incluídos).

Para facer fronte aos pagos dos gastos do servizo durante o período da prórroga é necesario comprometer o importe total de 30.800,00 euros (contrato exento de IVE). O devandito gasto farase efectivo con cargo á partida *"Plan Municipal de Igualdade"* 2311 2279906 do orzamento vixente e do futuro exercicio 2024 do Servizo de Igualdade, desglosado do seguinte xeito:

- Período comprendido entre o 28 e o 31 de decembro de 2023 (4 días) = 337,52 € , con cargo á partida "*Plan municipal de Igualdade"* 2311 2279906 do orzamento vixente do Servizo de Igualdade (RC n.º 2928 emitido o día 08/01/2023).

- Período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 27 de decembro de 2024 (11 meses e 27 días de decembro) = 30.462,48 €, con cargo á partida "*Plan municipal de Igualdade"* 2311 2279906, do orzamento futuro para o exercicio 2024 do Servizo de Igualdade.

Polo devandito, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo o preceptivo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

> "1º.- Aprobar unha prórroga de un ano de duración do contrato de servizos do *programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero*, que abrangue desde o 28 de decembro de 2023 ao 27 de decembro de 2024, ambos incluídos, coa

entidade FUNDACIÓN ALDABA (G82453606), actual adxudicataria do contrato por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de decembro de 2022.

2º.- Aprobar o gasto de 30.800,00 euros para facer fronte ao pago do contrato durante a vixencia da prórroga, desglosado do seguinte xeito: 337,52 € con cargo á partida *"Plan Municipal de Igualdade"* 2311 2279906 do orzamento vixente do Servizo de Igualdade e 30.462,48 € con cargo á dispoñibilidade de crédito orzamentario para o futuro exercicio 2024 na partida *"Plan Municipal de Igualdade"* 2311 2279906 do futuro exercicio 2024 do Servizo de Igualdade.

3º.- Notificar o presente acordo á adxudicataria, comunicar este acordo ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público de acordo co establecido nos artigos 335.2 e 346.3, respectivamente, da Lei de contratos do sector público e publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo".

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(878).- SOLICITUDE DE AXUDAS AO ABEIRO DA ORDE DO 1 DE XUÑO DE 2023 PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE BIORRESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (MARCO DO PRTR-NEXTGENERATION EU). EXPTE. 8504/252.**
Visto o informe de fiscalización de data 24/10/2023, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo de Limpeza e Xestión de residuo, polo xefe de Investimentos e conformado polo xefe do Servizo Xurídico da Área de Servizos Xerais e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES**:

I.1.- O Concello de Vigo ten adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local de 26/05/2022, o contrato DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN SUSTENTABLE E INTEGRADA DOS RESIDUOS MUNICIPAIS DE VIGO E A SÚA VALORIZACIÓN DENTRO DO MARCO EUROPEO DA ESTRATEXIA DA ECONOMÍA CIRCULAR (Exp: 7645/252).

A prestación iniciouse o 01/07/2022 e ten un prazo de execución de 9 anos e 6 meses, rematando o 31/12/2031.

O obxecto do contrato é a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais do Concello de Vigo de xeito que se facilite a súa valorización. Inclúe a xestión de todos os

residuos, tanto os contenerizados como os non contenerizados. Inclúe tamén especificamente a xestión da fracción orgánica dos residuos municipais ou biorresiduos.
Xestiónanse dentro do obxecto deste contrato tanto os biorresiduos contenerizados como os non contenerizados e os residuos forestais domiciliarios. Para elo inclúense no contrato procesos de implantación, renovación, reparación e lavado dos recipientes como contedores, cubos, papeleiras e outros caldeiros. Inclúense procesos de recollida mecanizada mediante vehículos compactadores o outros de caixa aberta, procesos de transporte a xestor ou planta autorizada, e tamén se inclúe no obxecto do contrato o tratamento final dalgúns deles. Está incluída tamén a xestión domiciliaria dos biorresiduos mediante composteiros individuais, pero non se inclúen os composteiros comunitarios nin a recollida mediante sacas reutilizables de gran volume.

I.2.- Con data 2 de outubro de 2023 o Concelleiro-delegado da Area de Fomento e Servizos, resolveu Iniciar o expediente para a aprobación da participación do Concello de Vigo na convocatoria correspondente á ORDE do 1 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para os anos 2023 e 2024 (código de procedemento MT975P) en relación as actuación recollidas na Liña 1 e na Liña 2.

> Liña 1: Proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaerobia).
> Liña 2: Proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (compostaxe in situ).

Esta orde ten por obxecto regular a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de axudas para a execución de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, en concreto, encamiñadas a implantar a recollida separada dos biorresiduos, así como a compostaxe *in situ* por parte das entidades locais municipais, supramunicipais e agrupacións de entidades locais de Galicia, que teñan asumida a competencia para prestar os ditos servizos (código de procedemento MT975P), ao tempo que se fai pública a súa convocatoria.

a.- Actuacións subvencionables e requisitos

O artigo 3 da orde indica as actuación subvencionables e os requisitos. Indica que ao abeiro desta orde de axudas, serán subvencionables as actuacións que se citan a seguir para cada liña de axuda.

a.1.- **Liña 1:** Proxectos de implantación, ampliación ou mellora de recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaerobia).

Os conceptos subvencionables dentro deste tipo de proxectos, así como os requisitos que deben cumprir estes, son os que se recollen na seguinte táboa:

| **Conceptos financiables** | **Requisitos** |
|---|---|
| Caldeiros domésticos de biorresiduos | O caldeiro para a recollida separada de biorresiduos será de tipo aireado e de cor marrón, total ou parcialmente. Deberá incorporar, como mínimo, a identificación (cun adhesivo ou serigrafía) dos materiais que se poden depositar no seu interior. Inclúense tamén os caldeiros domésticos de achega na vía pública para a recollida separada porta a porta de biorresiduos na vía pública. |
| Bolsas compostables de uso doméstico | Bolsas compostables para a recollida separada da fracción orgánica que deberán cumprir coa norma UNE-EN 13432. Deberán incorporar, como mínimo, a identificación de que son bolsas compostables específicas para os residuos orgánicos. |
| Caldeiros comunitarios de biorresiduos | Caldeiros para as comunidades de propietarios. O caldeiro deberá incorporar, como mínimo, a identificación (cun adhesivo ou serigrafía) dos materiais que se poden depositar no seu interior, e deberán ser total ou parcialmente de cor marrón. |
| Sistemas de recollida para o porta a porta | Colgadoiros e/ou compartimentos de caldeiros ou bolsas individuais ou comunitarios para a recollida porta a porta. |
| Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU<br>Sistemas de identificación de usuario e pesada | Sistemas de identificación de usuario e pesada de caldeiros e contedores e/ou de parede e os sistemas informáticos asociados necesarios (lectores, antenas, software). Non é subvencionable o mantemento, só a adquisición. |
| Contedores para a vía pública | Os contedores para a recollida separada de biorresiduos na vía pública deberán ser, parcial ou totalmente, de cor marrón ou incorporar unha identificación de cor marrón. A resistencia dos contedores será a equivalente ao peso do contedor cheo de materia orgánica e estes deberán permitir a incorporación de sistemas de identificación e pesada. O contedor incluirá unha impresión permanente dos materiais que poden ser depositados no seu interior. Estes contedores deben incluír sistemas e identificación de usuario ou sistemas de peche sen identificación (peche con chave). |

| Conceptos financiables | Requisitos |
|---|---|
| Construcións de áreas de achega e control de acceso | Construción de áreas de achega pechadas con contedores dentro destas e control de acceso de usuarios, incluíndo a tecnoloxía necesaria, mesmo para limitar a achega da fracción resto. |
| Sacas reutilizables para a recollida de restos vexetais | Sacas reutilizables para a recollida separada de restos vexetais. As sacas incluirán unha impresión permanente dos materiais que poden ser depositados no seu interior. |
| Caldeiros para biorresiduos de grandes xeradores (*) | Deberán ser, parcial ou totalmente, de cor marrón ou incorporar unha identificación de cor marrón. O caldeiro incluirá unha impresión permanente dos materiais que poden ser depositados no seu interior. |
| Bolsas e fundas compostables para biorresiduos de grandes xeradores (*) | Bolsas e fundas compostables para a recollida separada da fracción orgánica que deberán cumprir coa norma UNE-EN 13432. Deberán incorporar, como mínimo, a identificación de que son bolsas compostables específicas para os residuos orgánicos. |
| Campaña de información, difusión e sensibilización á poboación e seguimento do proxecto | As actuacións de formación, información, difusión do proxecto e sensibilización da poboación atendida no proxecto deberán incluír un plan de traballo e unha guía en que se detalle que biorresiduos son obxecto da recollida separada, así como a vixilancia e o control. |
| Camións para a recollida de biorresiduos, preferiblemente non compactadores | O número máximo de camións subvencionables por solicitude será de:<br>• 1 camión para entidades con menos de 15.000 habitantes<br>• 2 camións para entidades con menos de 50.000 habitantes<br>• 3 camións para entidades con menos de 100.000 habitantes<br>• 4 camións para entidades de máis de 100.000 habitantes<br>Financiaranse camións que deberán ser eléctricos ou de biogás de orixe renovable e preferiblemente non compactador. O camión deberá levar serigrafado nun lugar visible que é para a recollida separada de biorresiduos. |
| Campaña de información, difusión e sensibilización aos grandes xeradores e seguimento do proxecto (*) | As actuacións de formación, información, difusión do proxecto e sensibilización dos grandes xeradores atendidos no proxecto deberán incluír un plan de traballo e unha guía en que se detalle que biorresiduos son obxecto da recollida separada, así como a vixilancia e o control. |

| Conceptos financiables | Requisitos |
|---|---|
| Nas actuacións que comprendan diferentes fraccións, como campañas de comunicación, peche de contedores, por exemplo, só serán elixibles os custos correspondentes ás porcentaxes asociadas ás fraccións subvencionadas, o que se determinará considerando as porcentaxes da bolsa tipo considerada no PXRUG. | |
| (*) Entenderase por grandes xeradores de biorresiduos os restaurantes, almacenistas, comedores, servizos de restauración colectiva e establecementos de consumo polo miúdo. A entidade solicitante só poderá solicitar financiamento para estes conceptos se xestiona os biorresiduos destes grandes xeradores de conformidade coas súas ordenanzas (conforme a Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, artigo 12, número 5.e). | |

Non se considerarán conceptos subvencionables os custos do servizo de recollida selectiva, o tratamento dos residuos, así como tampouco os custos de mantemento nin os alugamentos.

a.2.- **Liña 2:** Proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (compostaxe in situ).

| Conceptos financiables | Requisitos |
|---|---|
| Caldeiros domésticos de biorresiduos | O caldeiro para a recollida separada de biorresiduos será de tipo aireado e de cor marrón, total ou parcialmente. Deberá incorporar, como mínimo, a identificación (cun adhesivo ou serigrafía) dos materiais que se poden depositar no seu interior. |
| Composteiros domésticos | Composteiros para vivendas unifamiliares con xardín ou horto nos cales se depositen e se composten os biorresiduos. |
| Construción de áreas de composteiros comunitarios | Construción de áreas de composteiros comunitarios, ou a parte proporcional de áreas compartidas coa achega doutras fraccións de recollida separada. |
| Composteiros comunitarios | Composteiros para zonas comunitarias nas cales se depositen e composten os biorresiduos. Na contía máxima financiable para os composteiros comunitarios considérase incluído o importe dos aireadores, termómetros e peneiras. |
| Biotrituradoras | Biotrituradoras para a trituración de material estruturante. |

| Conceptos financiables | Requisitos |
|---|---|
| Aireadores, termómetros, e peneiras para a compostaxe doméstica | Aireadores e termómetros específicos para controlar o proceso de compostaxe e peneiras para o cribado do compost obtido. Os aireadores, termómetros e peneiras da compostaxe comunitaria consideránse incluídos dentro da contía do concepto «composteiros comunitarios». |
| Actuacións de formación, difusión e seguimento do proxecto | As actuacións de formación, información, difusión e seguimento deberán incluír un plan de traballo, así como a vixilancia e o control. Entre esas actuacións incluirase unha guía para cada vivenda participante, na cal se detallen os biorresiduos que poden ser obxectos de compostaxe. |
| Carteis explicativos nas áreas de compostaxe comunitaria | Os carteis deberán incorporar, como mínimo, a identificación dos materiais que se poden compostar, así como unha explicación das accións para levar a cabo polos participantes (achega de material estruturante, proporción, etc.), e un teléfono ou correo electrónico de contacto para a resolución de dúbidas dos participantes. |

b.- Beneficiarios:

O artigo 2 da orde indica que poderán ser beneficiarias as entidades locais de Galicia, de conformidade coas competencias que lles correspondan en materia de xestión de residuos. As entidades locais poderán formular solicitudes de subvención, ben de forma individual ou ben de forma agrupada con outras entidades locais que reúnan estes mesmos requisitos. Pero unha entidade local non pode concorrer á convocatoria de maneira simultánea e para a mesma actuación, de maneira individual e a través da entidade supramunicipal ou agrupación en que se integre.

Para poderen ser beneficiarias destas axudas, as entidades locais deberán ter presentados no Consello de Contas as contas a que se refire o artigo 208 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, do exercicio orzamentario que corresponda.

Non poderán ter a condición de beneficiarias as entidades en que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c.- Gastos subvencionables

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considéranse gastos subvencionables aqueles que, de forma indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionable e cumpran o establecido no artigo 17 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12

de febreiro, de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia (en diante, Mecanismo).
En particular, non serán gastos subvencionables os seguintes:
a) Os gastos non xustificados correctamente ou que non sexan obxecto de subvención, así como os gastos non imputables ao investimento.
b) O imposto sobre o valor engadido.
c) Os gastos financeiros derivados do investimento.
d) Os investimentos realizados mediante contrato de arrendamento financeiro ou leasing.
e) Os gastos de persoal.
f) Os premios ou agasallos non relacionados coa actuación e/ou innecesarios.
g) Os custos asociados aos servizos de recollida e ao tratamento dos residuos municipais.
h) Respecto dos bens de equipo de segunda man, estes serán subvencionables cando se cumpran os requisitos seguintes:
1º. Que conste unha declaración do vendedor sobre a orixe dos bens e sobre que estes non teñen sido obxecto de ningunha subvención nacional ou comunitaria.
2º. O prezo non poderá ser superior ao valor de mercado e deberá ser inferior ao custo dos bens novos similares, acreditándose estes puntos mediante certificación de taxador independente.
i) Os custos de alugamentos e pagamento de servizos a terceiros.
j) No caso de que o proxecto, ou determinados conceptos deste, afecten fluxos de residuos cubertos pola responsabilidade ampliada do produtor, non será financiable a parte atribuíble á responsabilidade ampliada do produtor.
k) Non se valorarán factores enerxéticos.
l) Non serán subvencionables a redacción das memorias de implantación nin as memorias xustificativas da axuda.
m) Así como todos aqueles gastos que figuren no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como non subvencionables.

As entidades solicitantes poderán subcontratar a totalidade da actuación subvencionable, de conformidade co disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Se é o caso, as entidades subcontratadas deberán comprometerse a cumprir cos estándares máis exixentes en relación coas das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de interese, así como respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio natural («DNSH» polas súas siglas en inglés «do no significant harm») na execución das actuacións levadas a cabo no marco de dito plan, así como a non incorrer en dobre financiamento e que, se é o caso, non lle conste risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado. Para estes efectos, o cumprimento nestes termos acreditarase mediante declaración da subcontrata correspondente, no momento da xustificación (artigo 20.3.h), segundo o modelo incluído como anexo VIII nesta orde.
O financiamento máximo outorgado para as actuacións reguladas nesta orde de axudas non excederá o 90 % do custo total do proxecto. A porcentaxe restante será asumida polo

beneficiario e sempre será compatible co financiamento que os beneficiarios poidan recibir doutras administracións, sempre e cando non supere o custo total do proxecto que se vaia financiar. O financiamento achegado non é compatible cos proxectos Clima, promovidos a través do Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable (FES-CO2).

a) Liña 1: Proxectos de implantación, ampliación ou mellora de recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaerobia), a contía máxima da axuda (excluída a adquisición de camión para recollida de biorresiduos) por entidade establécese en función dos habitantes do concello (INE 2022) a razón de 5 €/habitante, ata o esgotamento do crédito a que se refire este artigo. No caso de que o concello solicite axuda para a adquisición do concepto subvencionable «Camións para a recollida de biorresiduos», o importe solicitado non se detraerá da contía máxima da axuda correspondente da entidade en función do número de habitantes. Para a adquisición deste concepto subvencionable non se establecen límites máximos, e o importe solicitado deberá ser adaptado á realidade do mercado.

b) Liña 2: Proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (compostaxe in situ), a contía máxima da axuda por concello estableceuse en función dos habitantes do concello (INE 2022) a razón de 4,5 €/habitante, ata o esgotamento do crédito a que se refire este artigo.

<u>d.- Solicitudes e prazos</u>

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, http://sede.xunta.gal (código de procedemento MT975P). Este formulario xúntase como anexo I a estas bases.
Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (https://sede.xunta.gal/chave365).
As solicitudes recibidas deben manter a proporción orzamentaria do crédito xerado; polo tanto, o importe da subvención solicitada para o ano 2023 debe ser o 10 % do total e para o ano 2024 será do 90 % restante.
O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no DOG e ata o 30 de outubro de 2023 ou, de ser o caso, ata o esgotamento do crédito previsto.

**II.- PROPOSTAS DAS ACTUACIÓN A INCLUÍR NA SOLICITUDE:**

Á vista do exposto, e tendo en conta que dende o Servizo de Limpeza e xestión de residuos do Concello de Vigo nos atopamos desenrolando proxectos que se atopan identificados directamente coas liñas estratéxicas que define a convocatoria, proponse desenvolver unha proposta de acordo coas seguintes consideracións para cada unha das dúas liñas da convocatoria:

## II.1.- Liña 1. Título do proxecto: *AMPLIACIÓN DA RECOLLIDA SEPARADA DE MATERIA ORGÁNICA.*

### II.1.1.- Ámbito de actuación do proxecto.

As actuación previstas nesta liña 1 serán implementadas no ámbito mais urbano do termo municipal, no que existe maioritariamente edificación en altura, deixando as accións da liña 2 para o ámbito mais rural na que se implantará a compostaxe in situ.

Os datos cos que traballaremos neste proxecto son os indicados pola Xunta de Galicia nas bases reguladoras das axudas, e para a poboación, segundo o INE 2022, son 292.374 habitantes no municipio. Do total dos habitantes consideraremos que o 69,21% (202.374habitantes) residen no casco urbano e o resto no ámbito periurbano e rural.

Con estes datos, e como referencia de aproximación, traballaremos con que existen aproximadamente 17.000 vivendas en casco urbano. Concluímos que as vivendas do casco urbano se poden tratar como vivendas en verticalidade e o resto de vivendas do concello trataranse como vivendas rurais con parcela que posibilita a instalación de composteiro individual. Descártase pola súa pouca relevancia outra tipoloxía de vivendas.

En canto aos grandes produtores hai varias cuestións a ter en conta para a xestión deste tipo de residuo. Por unha banda temos grandes produtores aos que lles entregaremos un colector propio e será responsabilidade deste sacalo á rúa nos días e horarios que se acorden por ambas partes para a recollida de residuos. Por outra banda temos os que podemos denominar medianos produtores, que son aqueles locais que baleiran a materia orgánica nos colectores situados na rúa, aos que se visitarán e se lle entregarán bolsas compostables de grande formato para así fomentar a súa participación. Neste réxime están a meirande parte dos restaurantes, bares e outros similares da canle HORECA.

### II.1.2.- Escenario base, previo á implantación do proxecto.

O concello na actualidade, contamos cun sistema recollida separada de residuos no casco urbano no que ademais xa temos en marcha un proxecto piloto de recollida separada da materia orgánica que estamos ampliando a todo o casco urbano, co cal xa está iniciado o proceso de implantación e difusión entre a cidadanía de que este será o modelo escollido para o urbano.

Queremos seguir ampliando a realización das accións de dinamización entre as familias no casco urbano para a implantación da recollida separada de materia orgánica, fracción que aínda non está implantada en todo o casco urbano, marcándonos un obxectivo de 17.000 vivendas participantes na recollida separada no casco urbano.

### II.1.3.- Número de habitantes e número de grandes xeradores atendidos polo proxecto.

Estas serán as vivendas obxectivo para a implantación final do proxecto, tendo en conta que é de participación voluntaria, a nosa oferta vai dirixida ao 100% da poboación do

noso concello que aínda non participa na recollida separada da materia orgánica, sendo este o noso reparto poboacional e tamén o número de vivendas existente no ámbito. Cando falamos de “cantidades obxectivo” referímonos ao calculo que realizamos das familias que voluntariamente participarán no proxecto, aínda que en algún caso para a implantación definitiva deste obxectivo necesitemos traballar na mesma durante varios anos.

| | **Nº HABITANTES (2022)** | **Nº VIVENDAS (aprox.)** | **CANTIDADES OBXECTIVO** |
|---|---|---|---|
| **CASCO URBANO** | 202.374 | 67.458 | 17.000 |
| **GRANDES PRODUTORES** | | | 1.700 empresas |

**II.1.4.- Sistema de recollida.**

No casco urbano optamos pola recollida en colector pechado a pé de rúa, para o que usamos colectores de carga lateral de 2.000 litros idénticos aos actuais. Para acceder a estes colectores é necesario usar a tarxeta cidadá Pass Vigo, polo que a súa implantación require artellar accións de información deste feito, estas accións realizaranse por medio de actividades a pé de rúa, acción de promoción en medios de comunicación e en centros escolares.

Debemos ter en conta que ao ser un proxecto de participación voluntaria nun inicio, o obxectivo de participación situámolo arredor dun 30% da poboación total. No noso caso o obxectivo total de participación no período do proxecto será de 17.000 familias.

Consideramos que se deben cumprir as seguintes condicións:

**A)** O colector debe ser hermético.

**B)** O colector debe ter control de acceso por medio da tarxeta cidadá Pass Vigo.

**C)** No caso de haber puntos de moita achega haberá que aumentar o número de colectores, que non deberán de pasar do 60% da súa capacidade en volume, xa que a materia orgánica é moi pesada e este tipo de colectores non soportan tanto peso.

**II.1.5.- Estimación da cantidade de compost producido coa cantidade total de biorresiduos recollidos co proxecto, indicando que parte destes biorresiduos corresponde aos grandes xeradores, e cunha estimación anual.**

Unha vez instalado o servizo a pleno rendemento, estas son as cantidades expresadas en toneladas por ano:

| VIVENDAS | GRANDES PRODUTORES | COMPOST PRODUCIDO |
|---|---|---|
| 4914 Tn | 3276 Tn | 2457 Tn |

**II.1.6.- Estimación das emisións de gases de efecto invernadoiro evitadas e das toneladas de residuos que contribuirían ao cumprimento dos obxectivos nesta materia.**

Segundo o estudio realizado por “Amigos de la Tierra” para a Fundación Biodiversidade, a compostaxe de biorresiduos obtida a través de recollida selectiva, supón un aforro de 30 Kg/Tn de $CO_2$, polo que no noso caso aforraranse arredor de 24,57 Tn de gases de efecto invernadoiro ao ano.

Concello de Vigo




**NOTA:** Por kilogramo de residuo orgánico tratado se incluyen las emisiones con origen en la cantidad de residuo necesario para llegar a 1 kg de contenido orgánico. Es decir, para llegar a un kg de residuo orgánico tratado han de tratarse 2,045 kg de residuo total (mezcla de residuos municipales).

(https://www.tierra.org/wp-content/uploads/2016/01/compostaje_reducir_huella_carbono_estatal.pdf)

**II.1.7.- Indicadores e medidas de seguimento do proxecto.**

Estimamos como indicadoras principais dentro deste proxecto o número de familias que acaben participando no proxecto, e que neste caso nos marcamos en 17.000. Número do cal dependerán o resto de resultados como as toneladas recollidas e as toneladas de produción de compost.

Tamén nos formulamos un índice de impropios por debaixo do 10% esperando chegar a menos dun 5% sen contar as bolsas compostables. Esta estimación basease nos datos previos analizados da recollida na cidade dos que dispomos actualmente.

**II.1.8.- Identificación da instalación de tratamento biolóxico de destino dos biorresiduos.**

Os nosos residuos serán transportados ás instalacións de Sogama na planta de transferencia construída en Vigo, contando con que esta estea en funcionamento nos vindeiros meses tal e como se fixo público, de sufrir algún atraso optaremos por seguir a tratar a materia orgánica nunha das plantas privadas autorizadas na orde para tal efecto.

**II.1.9.- Actuacións de formación, información e sensibilización realizadas á poboación involucrada no proxecto, perfectamente detalladas.**

Tal e como indican todos os estudios sectoriais e as propias directivas da Xunta, do Ministerio e da propia UE, as accións de difusión da reciclaxe son fundamentais para o seu éxito, mais nun cambio social tan grande como é a introdución da fracción orgánica.

Prevemos realizar en total 300 accións de información a pe de rúa durante o ano 2023-2024. Cada unha destas accións contará con dúas persoas perfectamente uniformadas en cada un dos vehículos adaptados para este feito, serán vehículos rotulados coa imaxe do proxecto, cun espazo cuberto e accesible no que tamén será rotulada toda a

información relativa ao proxecto, como o que se pode ou non verter nos colectores de orgánica coa imaxe do propio proxecto.

Non serán só as vivendas as destinatarias destas accións, tamén o serán as empresas e os centros escolares. Durante o ano 2023-2024 realizaremos polo menos dúas accións informativas porta a porta para todos os grandes e medianos produtores do termo municipal, analizando con eles o interese por darse de alta no proxecto e vendo as necesidades de materiais e informar sobre a posibilidade de verter nos colectores da rúa.

Realizarase unha campaña en medios de comunicación tanto online como offline que teñan incidencia na cidade co fin de divulgar o proxecto e chegar ao público obxectivo do mesmo. Así mesmo, dende o propio Concello tamén nos encargaremos da emisión periódica de notas á prensa tanto para a convocatoria e información das diferentes actividades como para ir dando conta dos avances que se van producindo no mesmo. Esta campaña consistirá na emisión de cuñas de radio nas emisoras de maior difusión no noso concello, así como anuncios de prensa nos diarios de maior tirada. Dentro destas accións de promoción incluiremos tamén campañas de promoción nas redes sociais.

## II.1.10.- Materiais empregados no proxecto.

### **II.1.10.1-** CALDEIROS DOMÉSTICOS DE BIORRESIDUOS

Dentro do Kit de benvida estará este caldeiros aireado de 7 litros de capacidade e de cor marrón, que contará con identificación do proxecto.



Proponse empregar 17.000 unidades

Achégase unha ficha técnica do caldeiro aireado proposto:

### **II.1.10.2-** ATADOS DE BOLSAS COMPOSTABLES DE USO DOMÉSTICO

Bolsas compostables  de 10 litros, de 42 x 45 cm. E 18 micras de grosor, cada rollo conta de 30 bolsas.

Proponse empregar 51.000 atados no proxecto.



**II.1.10.3-** CONTEDORES DE CARGA LATERAL

Colectores de carga lateral para materia orgánica, coa tapa de cor marrón e pechadura electrónica que debe estar conectada ao sistema de xestión da tarxeta cidadá Pass Vigo. O modelo será o mesmo que o dos xa instalados a día de hoxe na nosa cidade.

Proponse empregar no proxecto 615 unidades, 157 unidades a implantar no ano 2023 e 458 unidades no ano 2024.




**II.1.10.4-** SACAS DE REFIA REUTILIZABLES

Sacas de rafia de 2 m3 para a xestión da fracción orgánica vexetal tanto en vivendas unifamiliares como en comunidades que conten con parcelas nas que se xere este tipo de residuo.

Proponse empregar 700 unidades no proxecto.



**II.1.10.5-** ATADOS DE BOLSAS COMPOSTABLES PARA EMPRESAS

A cada gran produtor se lle repartirán atados de bolsas de 120 litros de capacidade e 19 micras de grosor. Cada atado conta con 10 bolsas como mínimo.

Proponse empregar 3.400 atados no proxecto.



**II.1.10.6-** CAMIÓNS RECOLECTORES

Proponse a adquisición de dous camións recolectores non bicompartimentados, con motor de biogás ou eléctrico. Estes recolectores dedicaranse á recollida da orgánica domiciliaria e da orgánica vexetal. Un deles mais orientado á orgánica domiciliaria contará cunha caixa recolectora aberta non compactadora dunha capacidade entre 5 e 10 m3, con sistema traseiro de levantamento de colectores. A outra unidade que vai a ser dedicado á recollida da fracción orgánica vexetal, contará cunha plataforma que permitirá a elevación da mesma ata unha caixa traseira sen compactación.

Deberá cumprir coas normativas vixentes, e ser entregado en perfectas condicións de matriculación e prestacións para iniciar o servizo.



**II.1.10.7-** MATERIAIS PARA A CAMPAÑA DE INFORMACIÓN, DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN Á POBOACIÓN E SEGUIMENTO DO PROXECTO.

Para a realización desta campaña desenvolveremos dúas liña gráficas, unha para a campaña en xeral e outra para dirixirse ao centros escolares, en ambas contaremos cos contidos necesarios para unha guía/folleto sobre o funcionamento do servizo e os biorresiduos que son obxecto desta recollida separada, pero dirixida a públicos distintos. Dentro da campaña xeral tamén prevemos entregar un distintivo a cada un dos grandes produtores que colaboren co proxecto.

As actuacións de formación, información, difusión do proxecto e sensibilización da poboación atendida no proxecto deberán incluír un plan de traballo e unha guía na que se detalle que biorresiduos son obxecto da recollida separada, así como a vixilancia e control, así nos medio móbiles que acompañarán as diferentes accións formativas e informativas públicas nos que se reflectirá un resumo da citada guía por medio de vinilos impresos. Todos estes materiais servirán de apoio ás accións de difusión, que contarán co persoal formado e adecuado e que irá en todas as accións perfectamente identificado coa imaxe do proxecto.

Ao fin, imprimiranse 80.000 folletos para a cidadanía e 1.700 para os medianos e grandes produtores, serán de tamaño A4, pregados e impresos a toda cor por ambas caras en papel de 120 gramos; tamén contaremos con 1.700 distintivos de 12 cm de diámetro impresos en vinilo reversible. Prevemos tamén entregar 19.500 imáns aos escolares que asistan ás 260 accións que temos previstas nos centros escolares do concello, nos cales incluiremos información para que leven a casa sobre a recollida separada da materia orgánica.

### II.1.11.- Calendario da execución do proxecto.

Preséntase a continuación o calendario da execución do proxecto, que inclúe accións nos anos 2023 e 2024, aínda que o groso se executará principalmente no ano 2024.

| 2023 | | | |
|---|---|---|---|
| | OUTUBRO | NOVEMBRO | DECEMBRO |
| Deseño da campaña | | | |

| 2024 | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | XAN | FEB | MAR | ABR | MAI | XUÑ | XUL | AGO | SET | OUT |
| Acopio de material | | | | | | | | | | |
| Diseño da campaña | | | | | | | | | | |
| Material campaña información | | | | | | | | | | |
| Campaña en medios | | | | | | | | | | |
| Accións centros escolares | | | | | | | | | | |
| Accións de rúa | | | | | | | | | | |
| Campaña grandes produtores | | | | | | | | | | |

### II.1.12.- Orzamento detallado do proxecto.

Nas bases da convocatoria (artigo 5 punto 3 apartado a) establécese un límite máximo do importe da axuda en base aos habitantes da cidade (aboarase como máximo 5€ por habitante máis os camións a parte). No caso de Vigo, dado que segundo o INE no ano 2022 o concello contaba con 292.374 habitantes, resulta que o importe máximo da axuda no proxecto presentado na liña 1 sen camións sería de 1.461.870,00 €. Neste caso proponse a adquisición de 2 camións por importe de 400.000,00 €, cuxo importe non se detraerá da contía máxima da axuda correspondente en función do número de habitantes, tal como indican as bases.
Como a axuda é o 90 % do orzamento total do proxecto, o importe máximo a solicitar neste caso é de 1.624.300 € para o proxecto presentado nesta liña da convocatoria.

Preséntase a continuación o orzamento detallado do proxecto na liña 1, onde todos os prezos indicados non teñen o IVE engadido (o IVE non é un gasto subvencionable), polo que todas as partidas indicadas son financiables.

| LIÑA 1 | UNIDADES | PREZOS | 2023 | 2024 |
|---|---|---|---|---|
| **Cubos domésticos de biorresiduos** | 17.000 | €4.00 | | €68,000.00 |
| **Bolsas compostables de uso doméstico** | 51.000 | €3.00 | | €153,000.00 |
| **Contedores para a vía pública** | 615 | €1,130.42 | (157 uds) €177,475.94 | (458uds) €517,732.36 |
| **Sacas reutilizables para a recollida de restos vexetais** | 700 | €14.56 | | €10,192.00 |
| **Bolsas e fundas compostables para biorresiduos de grandes xeradores** | 3.400 | €6.00 | | €20,400.00 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| DESEÑO DA CAMPAÑA | 2 | €6,500.00 | €10,000.00 | €3,000.00 |
| IMPRESIÓN FOLLETOS | 80,000 | €0.32 | €0.00 | €25,600.00 |
| MEDIOS MÓBILES PARA LAS CAMPAÑAS | 2 | €55,000.00 | €0.00 | €110,000.00 |
| CAMPAÑA EN MEDIOS | 1 | €88,000.00 | €0.00 | €88,000.00 |
| MATERIAL PARA A CAMPAÑA ESCOLAR | 19,500 | €3.00 | €0.00 | €58,500.00 |
| ACCIÓNS EN CENTROS ESCOLARES | 260 | €420.00 | €0.00 | €109,200.00 |
| ACCIÓNS DE DIVULGACIÓN A PÉ DE RÚA | 300 | €460.00 | €0.00 | €138,000.00 |
| **CAMPAÑA DE INFORMACIÓN, DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN Á POBOACIÓN E SEGUIMENTO DO PROXECTO** | | | **€10,000.00** | **€532,300.00** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| IMPRESIÓN FOLLETOS | 1,700 | €0.32 | | €544.00 |
| IMPRESIÓN DISTINTIVOS | 1,700 | €3.00 | | €5,100.00 |
| ACCIÓNS DE INFORMACIÓN PORTA A PORTA | 3,400 | €20.00 | €0.00 | €68,000.00 |
| **CAMPAÑA DE INFORMACIÓN, DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN AOS GRANDES XERADORES E SEGUIMENTO DO PROXECTO** | | | **€0.00** | **€73,644.00** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Camións eléctricos ou biogás** | 2 | 200,000.00 | | €400,000.00 |

Do anterior resulta un importe total do proxecto para a LIÑA 1 de:

| | ANO 2023 | ANO 2024 | TOTAL |
|---|---|---|---|
| **SUBTOTAIS SEN CAMIÓNS** | **187,475.94** | **1,375,268.36** | **1,562,744.30** |
| **SUBTOTAIS DOS CAMIÓNS** | | **400,000.00** | **400,000.00** |
| | | **TOTAL 2023 + 2024 (CON CAMIÓNS)=** | **€1,962,744.30** |

Este importe proposto para o proxecto na Liña 1, que sen camións ascende a un total de 1.562.744,30 €, é inferior ao máximo subvencionable na convocatoria para esta liña que conforme ao indicado pola poboación de Vigo é: 1.624.300,00 €.

## II.2.- Liña 2. Título do proxecto: *SEPARACIÓN E RECICLAXE EN ORIXE DA MATERIA ORGÁNICA MEDIANTE A COMPOSTAXE DOMÉSTICA IN SITU.*

### II.2.1.- Ámbito de actuación do proxecto.

Dentro desta liña optamos só por implantar composteiros individuais nas vivendas que dispoñan de parcela que se atopan principalmente no ámbito rural. O noso proxecto neste apartado ten un obxectivo final de instalación de 3.000 composteiros que serán solicitados dun xeito voluntario polos veciños durante a execución da campaña.

### II.2.2.- Escenario base previo á implantación do proxecto.

Neste intre o Concello de Vigo non conta con composteiros individuais instalados, ainda que este mes de outubro iniciouse unha campaña piloto co obxectivo de instalar 300 unidades no ano 2023, e así en total poder atenden a un total de uns 900 habitantes este ano.

### II.2.3.- Descrición da preselección dos participantes.

Para a execución do proxecto proposto, desde o Concello abrirase unha convocatoria pública de solicitudes de composteiros individuais, dirixida a familias que conten cunha vivenda e unha parcela dun mínimo de 50 m2, primando que sexa residencia habitual e no caso de haber varias solicitudes similares se primarán aquelas solicitudes que atendan a un maior número de habitantes. De ser un centro comunitario o que solicite este sistema, pedirase que se nomee un responsable, xa que se busca que en todos os proxectos contemos con grande implicación por parte dos usuarios.

### II.2.4.- Número de habitantes involucrados no proxecto.

A intención deste proxecto é chegar arredor do 10% das vivendas do rural. No caso de Vigo ao ser unha poboación aproximada no rural de 90.000 persoas, traballaremos como referencia de aproximación con que hai arredor de 30.000 vivendas no rural. Marcase un obxectivo final de atender a 3.000 vivendas (10% da estimación) polo que aportaremos 3.000 composteiros a instalar ao longo da duración do proxecto. No ano 2023 temos previsto involucrar a 300 familias, coa instalación dun composteiro para cada unha delas. No ano 2024 instalaranse o resto ata os 3.000 definitivos. Co total dos composteiros instalados ao final do proxecto, estarían participando 9.000 veciños da cidade, o que supón un 10 % da poboación estimada no rural.

### II.2.5.- Estimación da cantidade total de biorresiduos.

Coas instalacións dos 3.000 composteiros individuais previstas no proxecto, esperamos chegar a un total de 1.445,40 toneladas de bioresiduos tratadas ao ano.

**II.2.6.- Estimación das emisións de gases de efecto invernadoiro evitadas e das toneladas de residuos que contribuirían ao cumprimento dos obxectivos nesta materia.**

Segundo o estudio realizado por Amigos de la Tierra para a Fundación Biodiversidad, a compostaxe in situ supón un aforro de 46 Kg/Tn, polo que no noso caso aforraranse arredor de 66,49 Tn de gases de efecto invernadoiro ao ano.




**NOTA:** Por kilogramo de residuo orgánico tratado se incluyen las emisiones con origen en la cantidad de residuo necesario para llegar a 1 kg de contenido orgánico. Es decir, para llegar a un kg de residuo orgánico tratado han de tratarse 2,045 kg de residuo total (mezcla de residuos municipales).

(https://www.tierra.org/wp-content/uploads/2016/01/compostaje_reducir_huella_carbono_estatal.pdf)

**II.2.7.- Actuacións de formación aos participantes voluntarios no proxecto.**

Cada unha das novas instalacións de composteiros individuais previstas neste proxecto contará cunha primeira visita de montaxe e formación e unha segunda visita varias semanas despois para axudar na mellora de pequenas cuestións a mellorar e aclara dúbidas, si se fai así a estatística dinos que o 92% das instalacións terán produción de compost uns cinco meses despois da súa instalación.

Realizaremos 6.000 accións de formación en total dentro do proxecto.

A persoa que acuda a ofrecer esta acción formativa individualizada contará coa formación adecuada. No caso de ser a primeira visita de montaxe e formación no domicilio, fará entrega do composteiro, e asesorará tamén para seleccionar a mellor localización dentro da parcela. A segunda visita será na que ademais de axudar a mellorar pequenos problemas, se redactará un informe individualizado que será entregado ao Concello e no que se recollerán imaxes e datos do estado do composteiro, incluída a temperatura, humidade e outros datos de interese.

| **G-36729796** | **AVV. Feira Cabral** | Gastos Mantemento: Subministros. Servizos Xerais. Seguros. Taxas. Material Funxible. Avarías e Conservación. | 68 | 8.777,45 € | **5.830,81 €** | 0 | 0 | 0,00 € | **0,00 €** | Gastos Equipamento: Material Informático. | 51 | 212,96 € | **212,96 €** | 0 | 0 | 0,00 € | **0,00 €** | **8.990,41 €** | **6.043,77 €** |

| | | MANTEMENTO | | | | IBI / ALUGAMENTO | | | | EQUIPAMENTO | | | | OBRA | | | | TOTAIS | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CIF | ASOCIACIÓN | PROXECTO | PTO | Orzamento Programa I | PROPOSTA FINAL | PROXECTO | PTO | Orzamento Programa II | PROPOSTA FINAL | PROXECTO | PTO | Orzamento Programa III | PROPOSTA FINAL | PROXECTO | PTO | Orzamento Programa IV | PROPOSTA FINAL | TOTAL ORZAMENTO | TOTAL SUBVENCIÓN |
| **G-36690360** | **A.VV Nosa Señora das Neves** | Gastos Mantemento: Subministros. Seguros. Taxas. Comisión Banco. Material Funxible. Avarías e Conservación. | 37 | 1.636,36 € | **1.368,51 €** | 0 | 0 | 0,00 € | **0,00 €** | Gastos Equipamento: Material actividades. | 34 | 200,00 € | **200,00 €** | Gastos Obras A: Reparación aseos. Pintura interior do local. | 44 | 4.435,82 € | **1.390,88 €** | **6.272,18 €** | **2.959,40 €** |
| **G-36641033** | **A.VV. José Casas – Vila de Bouzas** | Gastos Mantemento: Subministros. Servizos Xerais. Seguros. Material Funxible. Avarías e Conservación. | 38 | 2.000,00 € | **1.531,12 €** | 0 | 0 | 0,00 € | **0,00 €** | Gastos Equipamento: Material informático | 45 | 4.997,30 € | **2.241,30 €** | Gastos Obras A: Reformas no local social | 58 | 18.378,97 € | **7.714,91 €** | **25.376,27 €** | **11.487,33 €** |
| **G-36684991** | **AVV. As Fontes** | Gastos Mantemento: Subministros. Servizos Xerais. Seguros. Taxas, Comisión Banco. Material Funxible, Avarías e Conservación. Telas. | 55 | 5.900,00 € | **4.166,10 €** | Gastos IBI: IBI | 47 | 1.512,00 € | **1.469,53 €** | 0 | 0 | 0,00 € | **0,00 €** | Gastos Obras A: Substitución de ventas velux en cuberta. Reparación na planta baixa (falso teito, limpeza e reparación de tellas) | 62 | 18.665,00 € | **8.375,95 €** | **26.077,00 €** | **14.011,57 €** |
| **G-27749217** | **A.VV. O Torreiro de Coia** | Gastos Mantemento: Subministros. Servizos Xerais. Seguros. Taxas. Comisión Banco. Material Funxible. Avarías e Conservación. | 50 | 2.919,90 € | **2.432,77 €** | Gastos de alugamento do local social | 52 | 3.575,00 € | **2.601,10 €** | Gastos Equipamento: Material informático, material actividades. | 35 | 1.179,87 € | **528,59 €** | 0 | 0 | 0,00 € | **0,00 €** | **7.674,77 €** | **5.562,46 €** |

| | | MANTEMENTO | | | | IBI / ALUGAMENTO | | | | EQUIPAMENTO | | | | OBRA | | | | TOTAIS | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **CIF** | **ASOCIACIÓN** | **PROXECTO** | **PTO** | **Orzamento Programa I** | **PROPOSTA FINAL** | **PROXECTO** | **PTO** | **Orzamento Programa II** | **PROPOSTA FINAL** | **PROXECTO** | **PTO** | **Orzamento Programa III** | **PROPOSTA FINAL** | **PROXECTO** | **PTO** | **Orzamento Programa IV** | **PROPOSTA FINAL** | **TOTAL ORZAMENTO** | **TOTAL SUBVENCIÓN** |
| **G-36633428** | **S.C.D.R Helios- Bembrive** | Gastos Mantemento: Subministros. Servizos Xerais. Seguros. Comisión Banco. Material Funxible. Avarías e Conservación. | 78 | 20.755,23 € | **6.688,28 €** | 0 | 0 | 0,00 € | **0,00 €** | Gastos Equipamento: Material informático, material audiovisual, mobiliario oficina e similares. Material Actividades. Outros (Instrumentos, Rótulo, Roll-up, Alupanel, Chaquetillas e monteira). | 63 | 4.957,33 € | **3.114,92 €** | Gastos Obras A: Pintado parcila do local | 51 | 3.802,59 € | **1.377,29 €** | **29.515,15 €** | **11.180,50 €** |
| **G-36620854** | **S.C.D. Atlántida de Matamá** | Gastos Mantemento: Subministros. Servizos Xerais. Seguros. Taxas. Material Funxible. | 77 | 25.776,45 € | **6.602,53 €** | Gastos IBI: IBI | 63 | 4.587,70 € | **3.394,74 €** | Gastos Equipamento: Material informático, material actividades. | 56 | 2.747,00 € | **1.643,56 €** | 0 | 0 | 0,00 € | **0,00 €** | **33.111,15 €** | **11.640,83 €** |
| **G-36628543** | **A.C.D.Xestas** | Gastos Mantemento: Subministros. Servizos Xerais. Seguros. Taxas. Avarías e Conservación. | 64 | 7.907,00 € | **5.487,82 €** | Gastos IBI: IBI | 50 | 1.379,00 € | **1.379,00 €** | Gastos Equipamento: Material informático. Mobiliario oficina e similares. Cafeteira. Microondas. Soprador de follas e accesorios | 51 | 2.022,00 € | **1.160,68 €** | Gastos Obras A: Cambio de canles pluviais e baixantes | 61 | 5.628,00 € | **2.456,94 €** | **16.936,00 €** | **10.484,44 €** |

| | | MANTEMENTO | | | | IBI / ALUGAMENTO | | | | EQUIPAMENTO | | | | OBRA | | | | TOTAIS | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CIF | ASOCIACIÓN | PROXECTO | PTO | Orzamento Programa I | PROPOSTA FINAL | PROXECTO | PTO | Orzamento Programa II | PROPOSTA FINAL | PROXECTO | PTO | Orzamento Programa III | PROPOSTA FINAL | PROXECTO | PTO | Orzamento Programa IV | PROPOSTA FINAL | TOTAL ORZAMENTO | TOTAL SUBVENCIÓN |
| **V-36658680** | **C.C.R.de Cabral** | Gastos Mantemento: Subministros. Servizos Xerais. Seguros. Taxas. Material Funxible. | 79 | 16.510,48 € | **4.000,00 €** | 0 | 0 | 0,00 € | **0,00 €** | Gastos Equipamento: Mobiliario. Material actividades. Estufa | 60 | 3.255,00 € | **1.682,96 €** | Gastos Obras A: Reparación do Tellado | 65 | 4.998,83 € | **2.320,86 €** | **24.764,31 €** | **8.003,82 €** |
| **G-36617082** | **C.C.R. De Valladares** | Gastos Mantemento: Subministros. Servizos Xerais. | 83 | 8.000,00 € | **7.000,00 €** | 0 | 0 | 0,00 € | **0,00 €** | Gastos Equipamento: Caldeira agua quente. Neveira botelleiro. Prancha de cociña. | 79 | 5.395,00 € | **3.936,66 €** | Gastos Obras A: Mellora das redes de comunicación, da eficiencia enerxética e habilitación do Auditorio para clases de danza. | 91 | 18.774,60 € | **12.349,98 €** | **32.169,60 €** | **23.286,65 €** |
| **G-36654184** | **AVSCD. O Freixo** | Gastos Mantemento: Subministros. Servizos Xerais. Seguros. Taxas. Comisión Banco. Material Funxible. Avarías e Conservación. | 67 | 6.531,95 € | **5.459,98 €** | Gastos IBI: IBI | 47 | 169,51 € | **169,51 €** | Gastos Equipamento: Material informático, material audiovisual, mobiliario oficina e similares, material actividades. | 56 | 1.971,97 € | **1.249,00 €** | Gastos Obras B: Reforma para dotación dun aseo adaptado | 75 | 6.283,74 € | **3.378,78 €** | **14.957,17 €** | **10.257,27 €** |
| **G-36863348** | **UVCD Candeán** | Gastos Mantemento: Subministros. Servizos Xerais. Seguros. Taxas. Comisión Banco. Material Funxible. Avarías e Conservación. Gastos Persoal. | 81 | 16.700,00 € | **6.000,00 €** | 0 | 0 | 0,00 € | **0,00 €** | Gastos Equipamento: Material Informático. | 61 | 6.500,00 € | **3.039,70 €** | 0 | 0 | 0,00 € | **0,00 €** | **23.200,00 €** | **9.039,70 €** |

| | | MANTEMENTO | | | | IBI / ALUGAMENTO | | | | EQUIPAMENTO | | | | OBRA | | | | TOTAIS | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **CIF** | **ASOCIACIÓN** | **PROXECTO** | **PTO** | **Orzamento Programa I** | **PROPOSTA FINAL** | **PROXECTO** | **PTO** | **Orzamento Programa II** | **PROPOSTA FINAL** | **PROXECTO** | **PTO** | **Orzamento Programa III** | **PROPOSTA FINAL** | **PROXECTO** | **PTO** | **Orzamento Programa IV** | **PROPOSTA FINAL** | **TOTAL ORZAMENTO** | **TOTAL SUBVENCIÓN** |
| **G-36791291** | **Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo** | Gastos Mantemento: Subministros. Servizos Xerais. Seguros. Taxas. Comisión Banco. Material Funxible. Avarías e Conservación. Gastos de Persoal. | 56 | 7.634,00 € | **4.801,84 €** | 0 | 0 | 0,00 € | **0,00 €** | Gastos Equipamento: Material informático, mobiliario oficina e similares. Material actividades. | 45 | 1.991,05 € | **1.011,47 €** | 0 | 0 | 0,00 € | **0,00 €** | **9.625,05 €** | **5.813,31 €** |
| G-36655942 | **A.VV Rúas e Fontes-Parada** | Gastos Mantemento: Subministros. Servizos Xerais, Seguros. | 62 | 7.406,17 € | **5.316,33 €** | 0 | 0 | 0,00 € | **0,00 €** | Gastos Equipamento: Mobiliario oficina e similares. | 56 | 5.418,68 € | **2.790,54 €** | Gastos Obras A: Tarima no escenario. | 50 | 2.304,86 € | **805,65 €** | **15.129,71 €** | **8.912,53 €** |
| G-36655017 | **A.V. Fonte do Galo** | Gastos Mantemento: Subministros. Servizos Xerais. Seguros. | 46 | 4.853,87 € | **3.046,90 €** | 0 | 0 | 0,00 € | **0,00 €** | Gastos Equipamento: Material informático, material audiovisual | 44 | 3.900,00 € | **1.752,57 €** | 0 | 0 | 0,00 € | **0,00 €** | **8.753,87 €** | **4.799,47 €** |
| G-04965679 | **Asociación As da Bouza** | Gastos Mantemento: Seguros. Comisión Banco. Alugueiro Xerador, certificado dixital, material funxible (cacharelas). | 30 | 498,70 € | **498,70 €** | 0 | 0 | 0,00 € | **0,00 €** | 0 | 0 | 0,00 € | **0,00 €** | 0 | 0 | 0,00 € | **0,00 €** | **498,70 €** | **498,70 €** |

| CIF | ASOCIACIÓN | MANTEMENTO | | | | IBI / ALUGAMENTO | | | | EQUIPAMENTO | | | | OBRA | | | | TOTAIS | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | PROXECTO | PTO | Orzamento Programa I | PROPOSTA FINAL | PROXECTO | PTO | Orzamento Programa II | PROPOSTA FINAL | PROXECTO | PTO | Orzamento Programa III | PROPOSTA FINAL | PROXECTO | PTO | Orzamento Programa IV | PROPOSTA FINAL | TOTAL ORZAMENTO | TOTAL SUBVENCIÓN |
| G-36646545 | **Asociación Veciños Barrio de Teis** | 0 | 0 | 0,00 € | **0,00 €** | 0 | 0 | 0,00 € | **0,00 €** | 0 | 0 | 0,00 € | **0,00 €** | Gastos Obras A: Cambio de tubaxe de fecais | 49 | 2.524,50 € | **867,81 €** | **2.524,50 €** | **867,81 €** |
| G-36627495 | **C.R.A.C. Coruxo** | Gastos Mantemento: Subministros. Servizos Xerais. Seguros. Taxas. Material Funxible. Avarías e Conservación. | 81 | 21.162,85 € | **6.945,52 €** | Gastos IBI: IBI | 63 | 1.890,02 € | **1.890,02 €** | Gastos Equipamento: Mobiliario oficina e similares, material actividades. | 65 | 3.281,05 € | **2.223,28 €** | Gastos Obras A: Reparación aula informática e arranxo de cuberta e canles. Colocación de tarima e substitución de tellas. | 68 | 3.829,38 € | **1.849,63 €** | **30.163,30 €** | **12.908,46 €** |
| | | | | | **223.778,87 €** | | | | **26.221,13 €** | | | **100.215,36 €** | **60.311,57 €** | | | **224.833,80 €** | **104.688,43 €** | **807.439,88 €** | **415.000,00 €** |

**SEGUNDO**: **DESESTIMAR**, segundo o disposto nas bases 1ª.d) (beneficiarias das subvencións), 2ª (*Requisitos dos Solicitantes*) e 7ª (*Desestimación das Solicitudes*) da norma reguladora das subvencións, acórdase propor a desestimación da seguinte entidade, que non reúne os requisitos para obter a condición de beneficiaria, é dicir, entidades, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións e que operen no movemento veciñal.

| ***TÁBOA 1 (Non inscrita no RMA. Epígrafes 10.1-10.5 como entidades de carácter veciñal ou non operar no movemento veciñal ))*** | | |
|---|---|---|
| ***CIF/NIF*** | ***ENTIDADES*** | ***NÚMERO DE EXPEDIENTE*** |
| G-27832856 | Asociación Cultural Vila de Bouzas *(inscrita no epígrafe 10.4 "Animación Socio-Cultural" do Rexistro Municipal de Asociacións)* | 11276-320 |

**TERCEIRO: DESESTIMAR,** a solicitude de subvención para o Programa III. Gastos en investimentos. Equipamento, presentada pola Asociación As da Bouza (G-04956579), a cal foi rexistrada fóra do prazo establecido (de 27 de xuño ao 17 de xullo de 2023).

| ***TÁBOA 2 (Presentación da solicitude fóra do prazo establecido 26.06.2023 ao 17.07.203)*** | | | |
|---|---|---|---|
| ***CIF*** | ***ENTIDADE*** | ***Nº E DATA REXISTRO E PROGRAMAS*** | ***MOTIVO*** |
| G-04965679 | Asociación As da Bouza | 230215993 (18/07/2023) P. III. Equipamento | **Base 8ª**: O prazo de presentación das solicitudes, será de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.[...] Todas as solicitudes, así como as posibles subsanacións telemáticas contempladas no parágrafo anterior deberán achegarse antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo"<br>**Base 20ª**: ... A publicación que determinará o inicio do prazo de 15 días hábiles pra a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no BOP (26 de xuño de 2023) |

**CUARTO: DESESTIMAR, conforme á base 3ª da convocatoria,** os conceptos derivados de "Gastos non subvencionables" solicitados polas seguinte entidades:

| *TÁBOA 3 (Solicitudes con “Gastos Non Subvencionables” conforme á base 3º da convocatoria* | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ***CIF*** | ***ENTIDADES*** | ***PROGRAMA*** | ***CONCEPTO*** | ***IMPORTE*** |
| G-36972024 | Asociación Veciñal Curva de San Gregorio | I | Modelo 115. Retenciones e ingresos a cuenta. Rentas o rendimientos procedentes del arrendamiento o subarrendamiento de inmuebles urbanos. | 447,93 € |
| G-36648640 | Asociación Veciñal San Miguel de Oia | I | Regalos fin de curso | 1.135,83 € |
| G-36640985 | Asociación Veciñal Travesia de Vigo, As Nosas Rúas | I | Redución dos gastos de persoal por superar o 10% dos gastos directos do proxecto (7.185,00 €). Contía aprobada: 718,5 (10 % dos gastos directos 7.185,00 €) | |

**QUINTO: Desestimar parcialmente a solicitude da Asociación Veciñal Praza da Miñoca (G-36842284) por modificación do proxecto inicial.** A emenda presentada pola entidade supón unha reformulación ou modificación “de facto” do proxecto inicialmente presentado, polo que unicamente se admiten os cambios realizados polo importe previsto na solicitude dos programas I e III (864 €) , o que supón un axuste no custe dos gastos de persoal ao admitirse, como máximo, o 10 % dos gastos directos:

| *TÁBOA 4 (Emenda da solicitude con importes non contemplados na solicitude inicial do Programa I Gastos de Mantemento)* | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ***CIF*** | ***ENTIDADES*** | ***PROGRAMA*** | ***CONCEPTO*** | ***IMPORTE*** |
| G-36842284 | Asociación Veciñal Plaza da Miñoca | I | Redución do importe no concepto de “Avarías e conservación” e redución dos gastos de persoal por superar o 10 % dos gastos directos do proxecto unha vez eliminado o importe incrementado e non previsto na solicitude inicial da subvención presentada. | - Redución do apartado Avarías e Conservación.<br>Contía aprobada:<br>864 €<br>- Redución dos gastos de persoal Contía aprobada: 738,23 (10 % dos gastos directos 7.382,27 €) |

**SEXTO: DESESTIMAR,** a solicitude de subvención para o Programa II: *“**Gastos de mantemento de entidades veciñais que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas**”: unicamente poderán optar a este programa aquelas entidades que acrediten o desenvolvemento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública para a que teñan que dispoñer dun local para poder realizala e que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas. Serán obxecto de subvención, exclusivamente, os gastos derivados do arrendamento de local (base imponible + IVE) e os gastos derivados do Imposto de Bens Inmobles (IBI) cando ditos gastos resulten estritamente necesarios para poder realizar a actividade subvencionada referida“,* presentada pola Unión Veciñal de Candeán, xa que a entidade solicitante conta cun local municipal en réxime de cesión polo que se incumpre o establecido na base 3.2 da convocatoria:

| ***TÁBOA 5 (Denegar Programa II: Gastos de mantemento de entidades veciñais que carezan de locais municipais)*** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ***CIF*** | ***ENTIDADES*** | ***PROGRAMA*** | ***CONCEPTO*** | ***IMPORTE*** |
| G-36863348 | Unión Veciñal Candean | II | Imposto sobre bens inmobles (IBI) sobre locais propiedade da entidade | 300 € |

**SÉTIMO: ACEPTAR de plano**, conforme a base 11.7º, o **desistimento parcial da solicitude do Programa IV. Gastos en Investimentos. Obras** (a entidade desiste da súa petición de subvención para realizar a obra de “*montaxe de almacén” por un importe de 3.200,00* €), presentada pola seguinte entidade:

| ***TÁBOA 6 (Desistimento parcial da solicitude do Programa IV. Obras – Montaxe de almacén)*** | | | |
|---|---|---|---|
| ***CIF*** | ***ENTIDADES*** | ***PROGRAMA*** | ***MOTIVO*** |
| G-36655942 | A.V.V Parada-Maceiriña | IV | Desistimento expreso presentado no documento nº: 230291062 o 12.09.2023 |

**OITAVO: NOTIFICAR** o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015 do PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á

recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 do PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

**NOVENO : INFORMAR**, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, das subvencións tramitadas e outorgadas, referindo as bases reguladoras das subvencións, convocatoria, identificación das beneficiarias e contía outorgada.

**DÉCIMO: ORDEAR,** aos efectos do disposto no art. 20 da LSG, e publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, en aplicación dos principios recolleitos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, unha vez aprobadas as subvencións concedidas con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, o beneficiario, a cantidade concedida o obxectivo e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

**DÉCIMO PRIMEIRO**: ***MODIFICAR*** o prazo de xustificación das subvencións outorgadas, regulado na cláusula décimo terceira das bases, ao día ***15 de NOVEMBRO de 2023*** e consecuentemente, considerase como gastos subvencionables os realizados dende o 2 de novembro de 2022 ata a nova data de finalización do prazo de xustificación (15 de novembro de 2023).

<u>ACORDO</u>

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(880).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NAS DEPENDENCIAS DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS. EXPTE. 3483/341.**

Visto o informe xurídico do 10/10/2023 e o informe de fiscalización do 18/10/2023, dáse conta do informe-proposta do 05/10/2023, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE.**

–RD Leg 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. TRLCSP

–RD 1098/2001 Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

–RD Leg 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
–Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
–RD Leg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
–Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
–Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

**ANTECEDENTES**

1. A Xunta de Goberno Local con data 1 de novembro de 2019 acordou (expte 2291-341):

*1. "Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 14 de outubro de 2019, dos licitadores que deseguido se relacionan por FEC do PCAP:*

- *SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.A. (SAMYL)*
- *OS VENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L. (OSVENTOS)*

*2. Adxudicar a SERVICIOS SECURITAS, S.A. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.299-341) coas seguintes condicións:*

*a) O prezo total do contrato é de 767.827,86 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 133.259,38 euros. O prezo dos servizos de atención ao público ascende a 671.153,03 euros e o prezo dos servizos de coordinación a 96.674,83 euros.*

*b) Comprométese a realizar 50 encontros divulgativos anuais de promoción da programación dos centros entre colectivos diversos do termo municipal sinalados polo Concello.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

2. Con data 13 de decembro de 2019, asinouse o contrato administrativo entre o Concello de Vigo e a mercantil SERVICIOS SECURITAS SA cun prazo de execución de DOUS anos naturais sendo a data de inicio o 1 de xaneiro de 2020 (cláusula 4) .

3. A Xunta de Goberno Local de data 29 de xullo de 2021 acordou aprobar a primeira prórroga do citado contrato polo período dun ano, é decir, dende o día 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2022 (expte 3011/341).

4.- A Xunta de Goberno Local de data 29 de setembro de 2022 acordou aprobar a segunda prórroga do citado contrato polo período dun ano, é decir, dende o día 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2023 (expte 3270/341).

5. Por escrito de entrada na sede electrónica municipal nº 230309477, de data 5 de outubro D. Antonio López González en nome e representación da mercantil *SERVICIOS SECURITAS S.A.* presta a súa conformidade á terceira e derradeira prórroga do contrato, cunha duración de un ano, do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024.

6. Consta no expediente resolución da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, de data 28 de setembro, dispoñendo que por parte desta xefatura se proceda a instruir a terceira e derradeira prórroga do contrato, por ser necesario continuar ca prestación do servizo da empresa contratada para a execución dos devanditos traballos co persoal cualificado para a execución dos mesmos os resultados satisfatorios acadados.

7. Esta xefatura informa que a empresa *SERVICIOS SECURITAS SA* ten cumplido satisfactoriamente con todo o estipulado no citado contrato, desenvolvendo correctamente as obrigas encomendadas e sen ningún incumplimento pola súa parte.

**CONSIDERACIÓNS XURIDICAS**

1.- A Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público regula no seu artigo 29.4 que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluindo as posibles prórrogas.

2.- Según o artigo 29.2 da LCSP, o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as características permanezan inalterables durante o periodo de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de Contratación e será obligatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza alomenos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

3.- Neste senso, tanto a cláusula 4ª do contrato asinado con data 13 de decembro de 2019, como a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e apartado 4.c) das FEC, estabrecen que o presente contrato terá unha vixencia de dous anos a contar dende o día 1 de xaneiro de 2020, prevéndose a posibilidade de tres prórrogas dun ano cada unha delas.

4.- O expediente de prorroga do contrato iniciaráse polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, de data 28 de setembro de 2023, autorizando o inicio deste expediente da terceira e derradeira prórroga do contrato.

5. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupuestaria.

6.- A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

**Á vista do exposto,** ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e mailo concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA:**

**“PRIMEIRO.-** Aprobar a terceira e derradeira prórroga do contrato de servizos de atención ao público nas dependencias da Rede de Museos Municipais (expediente 2299/341), polo período dun ano, é decir, dende o día 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024.

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto por importe total de **383.913,93 € (trescentos oitenta e tres mil novecentos trece euros con noventa e tres céntimos), ive engadido, dos que 335.576,51 € corresponden aos servizos de atención ao público e 48.337,42 € corresponden a servizos de coordinación**, **a favor de SERVICIOS SECURITAS S.A (CIF.- A28986800),** con cargo á partida 3330.227.99.05 “Servizos de Atención ao Público” do orzamento municipal para o exercicio 2024**.**

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ao adxudicatario.”

**<u>ACORDO</u>**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(881).- PROPOSTA DE REALIZACIÓN DE CURSO OBRIGATORIO PREVISTO NO CONTRATO DE FORMACIÓN PARA PERSOAL DE NOVO INGRESO DO SERVIZO DE PREVENCIÓN, EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO. EXPTE. 6974/213.**
Dáse conta do informe-proposta de data 23/10/2023, asinado polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios, o xefe da Área de Seguridade e Mobilidade e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- En sesión ordinaria de 11 de agosto de 2023 a Xunta de Goberno Local aprobou (Expte: 40094/220) o seguinte

ACORDO

*“**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de 6 funcionarios interinos con obriga de superación de curso preceptivo teórico-práctico, nos termos e condicións seguintes:*

- *Categoría profesional: 6 Bombeiros (subgrupo C2) .*
- *Modalidade legal: funcionario interino para a cobertura de praza vacante (artigo 10.1, letra a) do TREBEP) establecendo a obriga de realización de curso preceptivo de carácter teórico-práctico consonte ao previsto no Real Decreto 456/1986, do 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, do 21 de febreiro.*
- *Destino: Área de Seguridade, Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento.*
- *Período temporal: o presente nomeamento realízase suxeito a condición resolutoria, consistente na obriga de superación inescusable do curso teórico-práctico establecido pola xefatura do servizo de destino. De acreditarse a non superación, procederá a declaración do cese no percibo de retribucións correspondentes ao abeiro do previsto no artigo 3 do Real Decreto 456/1986, do 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, do 21 de febreiro. Unha vez acreditada a superación do curso, procederase a acordar, polo órgano competente e previa proposta ao efecto, a percepción das retribucións correspondentes aos funcionarios interinos ata a provisión definitiva da praza e en todo caso por un máximo de 3 anos, consonte ao establecido no artigo 10.1, letra a) e 10.4 do TREBEP, sen dereito a indemnización.*

*• Custe económico: o asociado ás 6 prazas vacantes de bombeira/o no cadro de persoal orzamentario dos Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2023.*

*Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.*

***SEGUNDO:** Nomear como funcionarios interinos suxeitos á obriga inescusable de superación de curso preceptivo de carácter teórico-práctico, con cargo ás 6 prazas vacantes de bombeira/o indicadas, co límite temporal máximo de 3 anos nos termos e condicións do establecido no artigo 10.4 do TREBEP, así como das condicións e obrigas establecidas no apartado primeiro do presente acordo, na súa condición de aspirantes incorporados en lista, e de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo -segundo os datos proporcionados polo programa informático do servizo de Administración Electrónica- ás seguintes persoas:*

*-Categoría profesional de Bombeira/o:*

- H. Velasco Ferreirós con DNI ***6189***(vacante que se incluirá na OEP 2023)*

- J. D. Liste Recareycon DNI ***3823***(vacante que se incluirá na OEP 2023)*
- C. Fernández Fernández con DNI ***3903** *(vacante que se incluirá na OEP 2023)*
- N. Bastón Otero con DNI ***1984***(vacante que se incluirá na OEP 2022)*
- L. Álvarez Muñiz con DNI ***7443***(vacante que se incluirá na OEP 2022)*
- G. López Paz con DNI ***5319** *(vacante que se incluirá na OEP 2022)*

***TERCEIRO:*** *Dispoñer que a xornada laboral dos efectivos nomeados interinamente suxeitos á obriga de realización de curso teórico-práctico desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se derivan da singular condición do servizo de prevención e extinción de incendios e salvamento*

***CUARTO.-*** *Dispoñer que pola Concellería-delegada competente en materia de persoal se proceda a resolver a creación da Comisión de Avaliación do curso teórico práctico a realizar polos aspirantes nomeados, así como á designación dos seus membros, e cuxa actividade deberá rematar con comunicación da relación de funcionarios interinos que acrediten a superación do curso preceptivo.*

***QUINTO.-*** *Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, Xefatura da Área e Servizo de destino, Concellería-delegada da Área de encadramento do ámbito de destino, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, persoal do Programa de Modernización e Mellora na xestión da Área de Recursos Humanos e Formación, e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."*

Segundo.- Na data da aprobación do citado Acordo non existía formación profesional e regrada dispoñible para o persoal do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento.

Non obstante, por Acordo da Xunta de Goberno Local de 08 de setembro de 2023, adxudicouse á mercantil SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA S.A. o contrato de formación para o persoal de novo ingreso do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento, formalizado en documento administrativo o pasado 03 de outubro de 2023 (Expte: 6810-213).

En canto aquí interesa, este contrato ten por obxecto un curso teórico-práctico de 500 horas para a categoría de Bombeiro.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- No Acordo de nomeamento dos funcionarios interinos non quedou determinado o curso de formación a realizar por estes.

A súa determinación queda remitida ao servizo de destino.

Segundo.- Resultan aquí de aplicación:

a) O art. 127.1 h) da Lei 7/1985 de bases do réxime local en canto á competencia do órgano para fixar ás bases da convocatoria.

b) Arts. 5, 8 e 9 da Lei 40/2015 do Réxime Xurídico do Sector Público, que non contempla as delegacións de competencias en funcionarios senon en órganos das AAPP.

Terceiro.- A convocatoria selectiva na que tomaron parte os nomeados interinos, correspondente ás OEP 2017, 2018, 2019 contempla no apartado IX das bases específicas (BOP do 07 de xullo de 2020) titulado “Curso Selectivo” que -tras a superación do procedemento selectivo, e do nomeamento como funcionarios en prácticas- deberán superar un curso selectivo aprobado pola Xunta de Goberno Local, de contenido teórico-práctico cun mínimo de 253 horas lectivas sobre as materias e demáis esixencias propias dos citados postos deducidas das normas que se citan na mesma, a Lei orgánica 5/2002 das Cualificacións e da Formación Profesional, o Real Decreto 1128/03 polo que establécese o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, o Real Decreto 34/08 polo que regulan os certificados de profesionalidade, e o Real Decreto 624/13 (Anexos I e II).

Cuarto.- O curso contratado no expediente 6810/213 citado no antecedente segundo cumpre adecuadamente os obxectivos da formación a impartir aos nomeados interinos, en canto corresponde a estos realizar temporalmente todas as funcións propias dos funcionarios de carreira (art. 10 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público).

En mérito de canto antecede, en uso das atribucións que nos corresponden vimos en propoñer á Concelleira de Área de Seguridade que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

Primeiro.- Os seis funcionarios nomeados interinos na categoría profesional de Bombeiro en virtude do Acordo da Xunta de Goberno Local de 11 de agosto de 2023 (Expte: 40094/220), terán a obrigación de realiza o curso de 500 horas previsto no contrato de formación para o persoal de novo ingreso do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento, adxudicado por Acordo da Xunta de Goberno Local de 08 de setembro de 2023 e formalizado en documento administrativo o pasado 03 de outubro de 2023 (Expte: 6810-213).

Segundo.- A superación do citado curso é condición indispensable para o acceso ao exercicio das funcións propias dos nomeados interinos, nos termos expresados no Acordo da Xunta de Goberno Local de 11 de agosto de 2023.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, Xefatura da Área e Servizo de destino, Concellería-delegada da Área de encadramento do ámbito de destino, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, persoal do Programa de Modernización e Mellora na xestión da Área de Recursos Humanos e Formación, e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(882).- ADDENDA PARA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P 2001 O CALVARIO -A GARRIDA, NA CONTORNA DA CASA DA E.L.M DE BEMBRIVE P.Q 3+430". EXPTE. 1287/441.**

Visto o informe de fiscalización do 17/10/2023, dáse conta do informe-proposta de data 06/10/2023, asinado pola técnica de Xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, polo xefe da Área de Investimentos e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES**

1.- Con data 22 de xullo de 2022, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local o "Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución do proxecto de MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 2001 O CALVARIO- A GARRIDA, NA CONTORNA DA CASA DA E.L.M. DE BEMBRIVE, P.Q.3+430 (CONCELLO DE VIGO)", transcrito como Anexo I a esta proposta. Dito convenio foi asinado polas partes con data de 21 de outubro de 2022.

*2.-. O citado convenio indica na cláusula Novena.- Vixencia do convenio:*

> *O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2023. A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervenientes.*

2.- En relación ao desenvolvemento do citado convenio, correspóndelle a Deputación Provincial de Pontevedra a a redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2001 O Calvario- A Garrida, na contorna da casa da E.L.M. de Bembrive, P.Q. 3+430 (Concello de Vigo)”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

3.- En relación as actuación do convenio para a MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 2001 O CALVARIO- A GARRIDA, NA CONTORNA DA CASA DA E.L.M. DE BEMBRIVE, P.Q.3+430 (CONCELLO DE VIGO). Dende a Deputación Provincial de Pontevedra, veñen a comunicarlle o Concello de Vigo con data 19/09/2023 (nº doc 230296617), que actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

4.- En base a dita xustificación remiten no mesmo escrito unha proposta da “1ª Addenda ao convenio de colaboración para a execución das obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP 2001 O Calvario-A Garrida, na contorna da casa da ELM de Bembrive, PQ 3+430 (Concello de Vigo)”, co fin de prorrogar o antedito convenio ata o 31 de decembro de 2024, Solicitando que por parte o Concello de Vigo se proceda a aprobación da mesma polo órgano municipal competente, no cal se pon de manifesto a conformidade do Concello coa prórroga.

5.- En relación a execución do obxecto deste convenio debese indicar que en relación as obrigas para o Concello de Vigo a propia execución do convenio non ten ningunha obriga económica, xa que como consta no propio convenio, a achega correspondente realizase con cargo aos créditos que a Deputación Provincial ten previstos a través do programa de cooperación cos concellos para o desenvolvemento das actuacións no Concello de Vigo.

6.- Con data 04/10/2023, a Tecnica de Xestión e o Xefe da Área de Inversións, co conforme do Concelleiro delegado da Área redacta a Memoria Xustificativa da devandita Addenda. Segundo a Memoria, os pactos que se incorporan a addenda do Convenio estímanse conformes ao interese público municipal.

7.- O Xefe dos Servizos Xurídicos da Área de Servizos Xerais con data 06/10/2023 emite informe xurídico sobre a proposta da addenda.

**II.- FUNDAMENTOS**

I.- Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposición legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo.

**III.- CONTIDO DA ADDENDA:**

O obxecto da addenda e adecuar a vixenza do convenio para posibilitar a finalización das actuacións obxecto do convenio.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa da addenda convenio, documento obrigado segundo sinala o artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

**IV.- PROCEDEMENTO E COMPETENCIA:**

Consta no expediente de aprobación da addenda o convenio, os documentos necesarios para a súa tramitación: Memoria do convenio e texto do mesmo e Informe xurídico, debese indicar que a mesma no ten ningunha incidencia económica para o Concello de Vigo.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello de Vigo.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación da addenda para ampliación do prazo de vixencia do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 2001 O CALVARIO- A GARRIDA, NA CONTORNA DA CASA DA E.L.M. DE BEMBRIVE, P.Q. 3+430 .

O artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de Transparencia obriga a dar publicidade da addenda o convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

**PROPOSTA:**

Primeiro: Aprobar a proposta de ADDENDA PARA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 2001 O CALVARIO- A GARRIDA, NA CONTORNA DA CASA DA E.L.M. DE BEMBRIVE, P.Q. 3+430, asinado polas partes con data 21 de outubro de 2022, de acordo coa proposta de addenda que se achega como anexo I.

SEGUNDO: Dar traslado de presente do presente acordo a Deputación Provincial de Pontevedra para a formalización e sinatura da presente addenda.

TERCEIRO.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PRIMEIRA ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 2001 O CALVARIO-A GARRIDA, NA CONTORNA DA CASA DA ELM DE BEMBRIVE, PQ 3+430”.

**INTERVEÑEN**

Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, Abel Caballero Álvarez, alcalde do Concello de Vigo, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra e Susana Gallardo Fariña, secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo.

As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin

**EXPOÑEN**

I.- O 21 de outubro de 2022 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP 2001 O Calvario-A Garrida, na contorna da casa da ELM de Bembrive, PQ 3+430”.

II.- A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2023 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervenientes.

III.- Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e

**PACTAN**

PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2024 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP 2001 O Calvario-A Garrida, na contorna da casa da ELM de Bembrive, PQ 3+430 (Concello de Vigo)”.

SEGUNDO.- En todo o demais, o convenio asinado o 21 de outubro de 2022 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.” E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data da súa sinatura dixital.

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Bases de selección do equipo directivo, docente e de apoio do obradoiro dual de emprego “VIGO CAPACITA IX” e composición da comisión de selección. Expte. 20545/77.

.- Bases de selección do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego “VIGO CAPACITA IX” e composición da comisión de selección. Expte. 20542/77.

.- Expediente de contratación do servizo sanitario de ambulancias asistenciais durante as campañas do Nadal. Expte. 9932/106.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**12(883).- BASES DE SELECCIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO VIGO CAPACITA IX" E COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE SELECCIÓN. Expte. 20545/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 25/10/2023, dáse conta do informe-proposta do 23/10/2023, asinado pola xefa de Desenvolvemento Local e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I.- No DOG Núm. 85 do xoves, 4 de maio de 2023, consta publicada a Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR353A).

Trátase dun programa financiado con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023-2024.

II.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 01 de xuño de 2023, acordou aprobar o proxecto de obradoiro de emprego dual "VIGO CAPACITA IX", elaborado polo Servizo de Participación cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo (expte. 20085-77) e presentar a solicitude da axuda que foi remitida a través da sede electrónica da Xunta de Galicia con data 02/06/2023.

III. Con data do 17 de outubro de 2023, recíbese a notificación da concesión da resolución da xefatura territorial de Vigo da consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, concedendo a subvención solicitada, por importe total de 531.046,20€, para a realización do proxecto de obradoiro de emprego dual "VIGO CAPACITA IX" (Nº de expte. TR353A 36/00022/2023), ao abeiro da Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR353A). Unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de **531.046,20€** para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego para a realización do proxecto do obradoiro dual de emprego denominado "VIGO CAPACITA IX" para 20 alumnos/as traballadores/as

distribuídos nas especialidades formativas de Cociña e Servizos de Restaurante (ámbolos dúas de nivel 2). Ademáis, concédese, se é ocaso, unha subvención de 30.000,00€ para incentivos á contratación temporal.

IV. A Orde da convocatoria regula dun xeito xenérico o procedemento de selección de todo o persoal participante no programa, polo que a DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E ORIENTACIÓN remitiu, por correo electrónico o 04 de agosto de 2023, Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e dos obradoiros duais de emprego (Convocatoria 2023-24), de data 14 de xuño de 2023, para ditar directrices máis polo miúdo, coa finalidade de dotar dunha maior transparencia e eficacia a xestión do dito procedemento, así como para que todas as entidades sigan unhas pautas de actuación que terán o carácter de xerais e que cada unha concretará atendendo ás peculiaridades de cada un dos proxectos.

A selección da presente convocatoria, será realizada pola entidade promotora, que será a encargada de seleccionar o persoal directivo, docente e de apoio e ao alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego.

A entidade promotora, no proceso de selección, actuará sempre de acordo aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación. Así mesmo, as devanditas actuacións cumprirán cos requisitos mínimos e cos criterios de preferencia establecidos nas correspondentes ordes de convocatoria e instrucións. A entidade promotora deberá establecer as normas de constitución e funcionamento do órgano de selección correspondente.

## II. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos (apartado terceiro a) nin a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de selección de beneficiarios de Obradoiros de Emprego que se veñen desenvolvendo en exercicios anteriores pola unidade de Desenvolvemento Local e  Emprego.

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, ven considerando que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local,

continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais. Ademáis de como programa de fomento de emprego subsumible nas políticas activas de emprego do Texto Refundido da Lei de Emprego (en cumprimento da nova DA 9ª introducida pola vixente reforma laboral).

## III. BASES REGULADORAS

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto no artigo 12º da Orde do Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR353A), a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección do equipo directivo, docente e de apoio do citado proxecto, promovido polo Concello de Vigo e subvencionado pola antedita Consellería.

## IV. CUSTES SALARIAIS DO EQUIPO DIRECTIVO

Segundo os datos reflictidos no orzamento do proxecto presentado xunto coa solicitude, os custos salariais derivados da contratación do persoal directivo, docente e de apoio son os que se reflicten a continuación:

| **A) - Soldos e salarios** | **Importe** |
|---|---|
| Director/a | 35.826,00 € |
| Persoal docente | 53.176,32 € |
| Persoal administrativo | 19.660,68 € |
| Outros (titor/a) | 28.898,04 € |
| Total (A) | **137.561,04 €** |
| **B) Cota patronal Seguridade Social** | **Importe** |
| Director/a | 11.912,16 € |
| Persoal docente | 17.681,04 € |
| Persoal administrativo | 6.537,12 € |
| Outros (titor/a) | 9.608,64 € |
| Total (B) | **45.738,96 €** |
| TOTAL (A+B) | **183.300,00 €** |

## V. DESCRICIÓN E OBXECTIVOS DO PROXECTO

O proxecto consiste nun obradoiro de emprego de 20 alumnos/as, 10 na especialidade de “Cociña (HOTR0408_2)” e os outros 10 na especialidade de “Servizos de Restaurante e Xestión de procesos de servizo en Restauración (HOTR0608_2-HOTR00409_2)”**,** co obxectivo final de formar e cualificar ao alumnado-traballador para acadar a máxima inserción laboral do mesmo no sector no que queren traballar e, ao mesmo tempo, que se

realicen servizos de interese para a comunidade. O proxecto reflicte algúns dos que se pretenden coa posta en marcha deste proxecto:

1. Promover entre o alumnado-traballador a garantía de seguridade e salubridade das actividades de hostelería así como a protección ambiental neste sector.
2. Coñecer os métodos de preelaboración e conservación de alimentos.
3. Divulgar as diversas Técnicas culinarias existentes.
4. Creación de plantillas para cada sección.
5. Procesos informáticos e TICS no inventariado de cociña.
6. Servizo en restaurante.
7. Servizos á comunidade, cociñando e servindo para: o comedor social La Sal de la Tierra, actos e eventos da Fundación Érguete, o comedor do propio obradoiro para servizo de persoas usuarias da Asociación Bicos de Papel, os Kid's Brunches, menús degustación e Almorzos saudables dirixidos a escolares, persoas con discapacidade e persoas da terceira idade e showcookings e menús degustación en mercados da cidade e nas xornadas de portas abertas.

Para o seu desenvolvemento, utilizaranse as instalacións do CVC de Valadares, que están adecuadamente adaptadas ás necesidades do obradoiro.

**VI. POSTOS A CONTRATAR, MODALIDADE E DURACIÓN DOS CONTRATO DE TRABALLO**

OS POSTOS que se convocan son:

- 1 Experto/a docente en Cociña. ...........................................Xornada: completa
- 1 Experto/a docente en Servizos de Restaurante.................Xornada: completa
- **1** Dirección.........................................................................Xornada: completa
- 1Titoría...............................................................................Xornada: completa
- 1 Persoal Administrativo ......................................................Xornada: completa

Os contratos de traballo do persoal seleccionado serán a xornada completa non podendo exceder a data de remate do obradoiro de emprego (o proxecto terá unha duración de doce meses).

**VII. FUNCIÓNS S DOS POSTOS DE TRABALLO.**

As funcións que corresponden aos postos de traballo obxecto desta convocatoria son:

- DIRECCIÓN:

a) Xestión e supervisión económica, formativa e de obra do proxecto segundo a normativa vixente.
b) Coordinación xeral do obradoiro de emprego e control dos medios humanos e materiais ao seu cargo
c) Planificación e seguimento do proxecto
d) Organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do

alumnado.
e) Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.
f) Promoción da inserción laboral dos beneficiarios do proxecto.
g) Poder ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

- TITORÍA:

a) Coordinar a acción educativa do equipo de profesionais que traballan no proxecto.
b) Realizar e supervisar, en coordinación cos docentes, as planificacións didácticas e as avaliacións.
c) Determinar, en coordinación cos docentes, os medios e materiais didácticos a empregar.
d) Supervisar a labor educativa do persoal docente e a formación do alumnado.
e) Organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo.
f) Controlar a asistencia e puntualidade de todo o persoal do obradoiro e o cumprimento das súas obrigas.
g) Favorecer a consecución de actitudes e hábitos sociais no grupo de alumnos como colectivo.
h) Facilitar de maneira individualizada información e orientación para a propia acción profesionalizadora.
i) Poder ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

- EXPERTO DOCENTE:

a) Programar os contidos do plan formativo da especialidade.
b) Impartir os contidos teóricos e prácticos aplicando a metodoloxía didáctica axeitada.
c) Avaliar a aprendizaxe dos alumnos.
d) Manter a disciplina do alumnado do seu módulo, dando conta das incidencias que se produzan á dirección do proxecto.
e) Responsabilizarse do bo uso e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
f) Poder ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

- PERSOAL ADMINISTRATIVO

a) Apoio á Dirección, Titoría e Equipo docente na confección e tramitación de documentos, actas, rexistros e correspondencia.
b) A xestión administrativa do Obradoiro de emprego na súa relación coa Consellería e a Entidade Promotora.
c) Control da contabilidade interna baixo a supervisión e responsabilidade da Dirección.
d) Arquivo e custodia da documentación xerada polo funcionamento do obradoiro de emprego.
e) Control e organización dos taboleiros de anuncios, actualización de inventarios, e do mantemento dos medios ofimáticos de administración (ordenador, fotocopiadora etc.).
f) A realización daquelas outras tarefas que lle encargue a Dirección e que sexan propias da súa competencia.

**VIII. SELECCIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO**

1. O sistema de admisión de candidatos será o de oferta de emprego, que será elaborada polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, unha vez aprobadas as bases reguladoras do proceso selectivo**,** solicitando a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia (procedemento PR004A) dirixido á xefatura territorial correspondente ou mediante correo electrónico dirixido á oficina de emprego que se remita o listado de persoas candidatas que reúnan os requisitos para participar no presente procedemento de acordo cos parámetros da sondaxe reflectidos nas bases. As ofertas de emprego tramitaranse na oficina de emprego e serán obxecto de difusión pública no Portal de Emprego de Galicia. A difusión da oferta será polo prazo de 2 días.

2. Realizada a sondaxe, a oficina de emprego realizará a comunicación ás persoas, dacordo coa forma previamente acordada co Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, indicando ás persoas candidatas a necesidade da presentación da **SOLICITUDE** e a achega da documentación necesaria para a valoración de méritos, no prazo que se lle estableza, **preferiblemente a través da Sede electrónica do Concello de Vigo** ou ben presencialmente nas oficinas de asistencia ao rexistro na planta baixa da casa consistorial.

3. O sistema de selección constará dunha primeira fase que consistirá nunha ***entrevista persoal***, coas persoas candidatas que cumpran os requisitos establecidos na base cuarta destas bases e estean acreditadas. A entrevista persoal versará sobre coñecementos, capacidades, habilidades e destrezas necesarias para o desempeño do posto e sobre coñecementos relacionados principalmente co Programa de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego, cos Programas de Emprego e Formación Ocupacional. Esta fase, que con carácter xeral non será eliminatoria, valorarase de **0 ata 7,50 puntos** (35% da puntuación total, como máximo).

As puntuacións da fase de entrevista publicarase nos taboleiro electrónico do Concello de Vigo e da oficina de emprego.

4. Finalizada a fase da entrevista persoal, a Comisión de Selección realizará o baremo de acordo cos criterios reflectidos para cada posto nos Baremos contidos no **ANEXO I.** A puntuación máxima correspondente ao baremo **será de 14,00 puntos** (65% da puntuación total, como máximo).

A Comisión de selección reunirase para a valoración da documentación acreditativa dos méritos alegados, aos efectos de elaborar a relación provisional das puntuacións obtidas na segunda fase outorgadas segundo o baremo.

A relación provisional destas puntuacións publicarase no taboleiro electrónico do Concello de Vigo e nos da oficina de emprego, indicando o día que se concede para formular alegacións á valoración provisional segundo o baremo, así coma a data de exposición da relación definitiva do proceso de selección.

5. Finalizadas as referidas actividades selectivas, a Comisión de selección reunirase para valorar as alegacións achegadas ás puntuacións obtidas na fase de valoración provisional

segundo o baremo, de ser o caso, e procederá á cualificación final das persoas candidatas (titular da especialidade / suplente / non seleccionado/ non presentado).

A listaxe de candidaturas propostas pola Comisión de selección será remitida á xefatura territorial que deberá verificar que cumpren con todos os requisitos para poder participar no proxecto. Se algún das persoas candidatas propostas non cumprise ditos requisitos a oficina de emprego comunicarallo á entidade promotora para que poida substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

A relación das persoas admitidas e suplentes do equipo directivo, docente e de apoio do obradoiro de emprego será exposta nos taboleiro electrónico do Concello de Vigo e no da oficina de emprego na que foi realizada a sondaxe, con indicación de que nun prazo máximo de 1 día natural contado a partir do día da publicación do resultado do proceso selectivo, as persoas candidatas deberán comunicar por escrito ao Concello de Vigo a súa aceptación ou renuncia ao posto **telematicamente mediante correo electrónico dirixido á conta ofi.emprego@vigo.org** ou ben presencialmente nas oficinas de Desenvolvemento Local e Emprego na 4ª planta da casa consistorial). Se transcorrido o devandito prazo non se confirma o posto, considerarase que se renuncia ao mesmo, e pasará a adxudicarse á seguinte persoa candidata con maior puntuación, tendo igualmente a obriga de comunicar a aceptación ou renuncia ao dito posto. Achégase anexo.

O Concello de Vigo estará obrigado a contratar á persoa aspirante que, obtendo a maior puntuación final, fose proposta pola Comisión de selección.

Estímase necesaria a constitución das dúas comisións de selección seguintes:

- Comisión de selección de 20 alumnos-traballadores (10 na especialidade de Cociña e 10 na especialidade de Servizos de Restaurante).
- Comisión de selección de equipo directivo do obradoiro composto por:1 experto docente nas especialidades a impartir no obradoiro, 1 director/a, 1 titor/a, 1 administrativo/a a xornada completa.

Xa que logo, resulta necesario proceder ao nomeamento dos membros titulares e suplentes das Comisións de Selección, a proposta da Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, con titulación igual ou superior á do posto ofertado, debendo comparecer todas elas a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

As Comisións de selección dos devanditos procesos estarán compostas por (5) cinco membros (presidente/a, secretario/a, vogal e dúas persoas como persoal de apoio) e percibirán as asistencias establecidas pola súa participación en tribunais de selección de persoal, na contía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal, cun número máximo de <u>4 sesións</u> para o proceso de selección do equipo directivo e <u>4 sesións</u> para o o proceso de selección do Equipo Direcivo, cun gasto total estimado de **881,08 €** con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2330000 de "Dietas de Tribunais", resultando necesario consumir crédito da bolsa de vinculación, o que non altera o normal funcionamento do servizo:

| Comisión selección Equipo directivo | categoría 1ª |
|---|---|
| Presidente/a | 183,56 |
| Secretario/a | 183,56 |
| Vogal (1) e persoal de apoio (2) | 513,96 |
| **TOTAL** | **881,08** |

## X. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO :

Con data 17/10/2023, recíbese resolución de concesión de subvención da xefatura territorial de Vigo da consellería da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, concedendo a subvención solicitada, por importe total de 531.046,20€, para a realización do proxecto do obradoiro dual de emprego denominado "VIGO CAPACITA IX" (Nº de expte. TR353A 36/00022/2023), para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado, supón a aceptación das especialidades formativas solicitadas ("Servizos de Restaurante (HOTR0608)""Cociña (HOTR0408)"), e permitirá a contratación de 20 alumnos/as-traballadores/as, e un equipo directivo composta de 1 director/a, 1 titor/a, 1 administrativo/a e 2 expertos/as docente.

Da cantidade global de concesión da subvención (**531.046,20€**), 192.384,00 € corresponden á subvención para gastos de formación e funcionamento e 338.662,20€ para gastos salariais do alumnado-traballador participante no obradoiro.

O procedemento de xeneración de crédito da subvención concedida tramitouse en expediente incoado a tal efecto pola Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude (expdte. 20540/77).

## X. ÓRGANO COMPETENTE

DDe conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985 é competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Asemade e, atendendo a un principio de economía de medios e de celeridade na tramitación do presente procedemento, resulta procedente propoñer ao dito órgano colexiado a encomenda na Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude da realización das sucesivas actuacións de xestión e tramitación que sexan necesarias para o desenvolvemento do proceso de selección do equipo directivo, docente e de apoio do obradoiro dual de emprego VIGO CAPACITA IX.

## XI. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal e segundo as instrucións da Terceira Tenente de alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía 17 de agosto de 2020 e acordo de Xunta de Goberno Local do 18 de agosto de 2020, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO**

1. **Aprobar as bases de selección** do EQUIPO DIRECTIVO (experto/a docente, director/a, titor/a e persoal administrativo) do obradoiro dual de emprego **VIGO CAPACITA IX** (cofinanciado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, conforme á resolución da xefatura territorial de Vigo da consellería da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, ao abeiro da Orde do 21 de abril de 2023 (publicada no DOG do 04/05/2023) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR353A), polo importe de **531.046,20€** para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado e, se é ocaso, dunha subvención de 30.000,00€ para incentivos á contratación temporal.

2. **Encomendar á** Terceira Tenente de alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, as sucesivas actuacións que se desenvolvan na tramitación e xestión do proceso de selección do equipo directivo, docente e de apoio do obradoiro dual de emprego VIGO CAPACITA IX.

3. **Aprobar a composición da Comisión de Selección** do equipo directivo, docente e de apoio do obradoiro dual de emprego **VIGO CAPACITA IX:**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Presidenta | Carla Candia Paz | Funcionaria | A1 | Xefa de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local |
| Secretaria | Rosa Mª Otero Malvárez | Funcionaria | A2 | Técnica de Xestión |
| Vogal | Belén Pérez Barreiro | Funcionaria | A2 | Técnica Contabilidade |
| | María José Loureiro Bada | Funcionaria | A1 | Xefa do servizo de Educación |
| | Pedro Mª Vázquez Iglesias | Funcionario | A2 | Técnico Medio Actividades Culturais e Educativas |
| Persoal de apoio | Ana M.ª Mouriz Martínez | Laboral | A1 | Coordinadora do plan de emprego |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Sonia Mª Martínez Alonso | Laboral | A2 | Orientadora Laboral/Técnica de emprego |

4. Dar traslado deste acordo á Área de RRHH e Formación e á Intervención Xeral Municipal para coñecemento e efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO VIGO CAPACITA IX (TR353A) EXPTE. 36/00022/2023.**

**ANTECEDENTES**

I.- No DOG Núm. 85 do xoves, 4 de maio de 2023, consta publicada a Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR353A). Trátase dun programa financiado con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023-2024.

II.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 01 de xuño de 2023, acordou aprobar o proxecto de obradoiro de emprego dual "VIGO CAPACITA IX", elaborado polo Servizo de Participación cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo (expte. 20085-77) e presentar a solicitude da axuda que foi remitida a través da sede electrónica da Xunta de Galicia con data 02/06/2023.

III. Con data do 17 de outubro de 2023, recíbese a notificación da concesión da resolución da xefatura territorial de Vigo da consellería da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, concedendo a subvención solicitada, por importe total de 531.046,20€, para a realización do proxecto de obradoiro de emprego dual "VIGO CAPACITA IX" (Nº de expte. TR353A 36/00022/2023), ao abeiro da Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR353A). Unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de **531.046,20€** para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado.

IV. A Orde da convocatoria regula dun xeito xenérico o procedemento de selección de todo o persoal participante no programa, polo que a DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E

ORIENTACIÓN remitiu, por correo electrónico o 04 de agosto de 2023, Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e dos obradoiros duais de emprego (Convocatoria 2023-24), de data 14 de xuño de 2023, para ditar directrices máis polo miúdo, coa finalidade de dotar dunha maior transparencia e eficacia a xestión do dito procedemento, así como para que todas as entidades sigan unhas pautas de actuación que terán o carácter de xerais e que cada unha concretará atendendo ás peculiaridades de cada un dos proxectos.

A selección da presente convocatoria, será realizada pola entidade promotora, que será a encargada de seleccionar o persoal directivo, docente e de apoio e ao alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego.

A entidade promotora, no proceso de selección, actuará sempre de acordo aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación. Así mesmo, as devanditas actuacións cumprirán cos requisitos mínimos e cos criterios de preferencia establecidos nas correspondentes ordes de convocatoria e instrucións. A entidade promotora deberá establecer as normas de constitución e funcionamento do órgano de selección correspondente.

Polas consideracións expostas é necesario proceder á elaboración e aprobación das bases que rexen o proceso de selección do persoal directivo, docente e de apoio do Obradoiro Dual de Emprego VIGO CAPACITA IX:

**BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO PARTICIPANTE NO OBRADOIRO DE DUAL DE EMPREGO "VIGO CAPACITA IX"**

**Primeira.- OBXECTO.**

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto no artigos 12º da Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR353A), a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección do persoal directivo, docente e de apoio participante no citado proxecto, promovido polo Concello de Vigo e subvencionado pola antedita Consellería.

**OS POSTOS que se convocan son:**

**A)** Dirección**.........................................................................Xornada: completa**

**B)** Titoría**..............................................................................Xornada: completa**

**C)** Experto/a docente en Cociña................................................**Xornada: completa**

**D)** Experto/a docente en Servizos de Restaurante.......................**Xornada: completa**

**E)** Persoal administrativo **.........................................................Xornada**: **completa**

**Segunda.- FUNCIÓNS DOS POSTOS DE TRABALLO.**

As funcións que corresponden aos postos de traballo obxecto desta convocatoria son:

- <u>DIRECCIÓN</u>:

a) Xestión e supervisión económica, formativa e de obra do proxecto segundo a normativa vixente.
b) Coordinación xeral do obradoiro de emprego e control dos medios humanos e materiais ao seu cargo
c) Planificación e seguimento do proxecto
d) Organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado.
e) Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.
f) Promoción da inserción laboral dos beneficiarios do proxecto.
g) Poder ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

- <u>TITORÍA</u>:

a) Coordinar a acción educativa do equipo de profesionais que traballan no proxecto.
b) Realizar e supervisar, en coordinación cos docentes, as planificacións didácticas e as avaliacións.
c) Determinar, en coordinación cos docentes, os medios e materiais didácticos a empregar.
d) Supervisar a labor educativa do persoal docente e a formación do alumnado.
e) Organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo.
f) Controlar a asistencia e puntualidade de todo o persoal do obradoiro e o cumprimento das súas obrigas.
g) Favorecer a consecución de actitudes e hábitos sociais no grupo de alumnos como colectivo.
h) Facilitar de maneira individualizada información e orientación para a propia acción profesionalizadora.
i) Poder ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias,

segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

- EXPERTOS DOCENTES:
a) Programar os contidos do plan formativo da especialidade.
b) Impartir os contidos teóricos e prácticos aplicando a metodoloxía didáctica axeitada.
c) Avaliar a aprendizaxe dos alumnos.
d) Manter a disciplina do alumnado do seu módulo, dando conta das incidencias que se produzan á dirección do proxecto.
e) Responsabilizarse do bo uso e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-obradoiro e espazos de execución dos traballos.
f) Poder ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

- PERSOAL ADMINISTRATIVO

a) Apoio á Dirección, Titoría e Equipo docente na confección e tramitación de documentos, actas, rexistros e correspondencia.
b) A xestión administrativa do Obradoiro de emprego na súa relación coa Consellería e a Entidade Promotora.
c) Control da contabilidade interna baixo a supervisión e responsabilidade da Dirección.
d) Arquivo e custodia da documentación xerada polo funcionamento do obradoiro de emprego.
e) Control e organización dos taboleiros de anuncios, actualización de inventarios, e do mantemento dos medios ofimáticos de administración (ordenador, fotocopiadora etc.).
f) A realización daquelas outras tarefas que lle encargue a Dirección e que sexan propias da súa competencia.

**Terceira.- CONTRATACIÓN DAS PERSOAS PARTICIPANTES**

Os contratos do persoal do proxecto que fose seleccionado e figure como tal nas actas da Comisión de selección formalizaranse por escrito no modelo oficial correspondente.

**Cuarta.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES**

As persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

a) REQUISITOS XERAIS.

1. Posuír a capacidade funcional así como a capacidade física para o desempeño das funcións que corresponden ao posto convocado.

2. Posuír un bo nivel de comprensión oral e escrita.

3. Estar en condicións de incorporarse ao posto de traballo na data do inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.

**4. Comprometerse activamente no adecuado desenvolvemento do proxecto formativo, como medida activa de fomento do emprego.**

**5. Coñecemento da normativa que regula o programa de obradoiros de emprego**

b) <u>REQUISITOS MÍNIMOS</u>: os previstos nos ***baremos anexos*** a estas bases.

A posesión destes requisitos mínimos condicionará a admisión das persoas candidatas ao proceso selectivo.

No caso de que non se acade un número mínimo de tres persoas candidatas por posto, o servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo poderá solicitar á oficina do SPEG de maneira extraordinaria e con validez unicamente para o posto do proceso de que se trate, modificar os requisitos mínimos eixidos coa fin de acadar persoas candidatas suficientes.

**Quinta.- SISTEMA DE ADMISIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS: OFERTA DE EMPREGO TRAMITADA Á OFICINA DE EMPREGO.**

**1. O sistema de admisión de persoas candidatas será o de oferta de emprego tramitada na correspondente oficina de emprego.**

**2. A OFERTA DE EMPREGO:** O departamento municipal de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, elaborará oferta de emprego Tipo A ordinaria**, tramitarase dita oferta unha vez aprobadas as bases reguladoras do proceso selectivo,** solicitando a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia (procedemento PR004A), dirixido á xefatura territorial provincial ou mediante correo electrónico dirixido á oficina de emprego que se remita a listaxe de persoas candidatas que reúnan os requisitos para participar no presente procedemento.
As ofertas de emprego tramitaranse na oficina de emprego e serán obxecto de difusión pública no Portal de Emprego de Galicia. A difusión da oferta será polo prazo de 2 días.

**3. Os parámetros da sondaxe serán:**

a) **Ámbito xeográfico:** Concello de Vigo. De non atoparse persoas candidatas ampliarase a sondaxe cos mesmos requisitos do ámbito da oficina de emprego ata o ámbito provincial.
b) **Número de persoas candidatas a remitir**: CINCO (5) por posto, que cumpran os requisitos establecidos na base cuarta destas bases e estean acreditadas.
c) Requisitos mínimos de titulación e/ou experiencia previstos nos baremos anexos a estas bases para os distintos postos.

**Sexta.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

Realizada a sondaxe, a oficina de emprego realizará a comunicación ás persoas preseleccionadas dacordo ca forma previamente acordada co Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo indicando ás persoas candidatas a necesidade da presentación da **SOLICITUDE,** e a achega da documentación necesaria para a valoración de méritos, no prazo que se lle estableza, **preferiblemente a través da Sede electrónica do Concello de Vigo** ou ben presencialmente nas oficinas de asistencia ao rexistro na planta baixa da casa consistorial.

As **SOLICITUDES deberán presentarse no prazo indicado,** tendo que achegar nese momento **imprescindiblemente** a documentación necesaria para acreditar os requisitos, sendo motivo de exclusión a falta de dita documentación.

A citación poderá reforzarse co apoio do servizo de información 010 mediante, chamamento telefónico/telemático e/ou vía SMS ás persoas candidatas remitidas, se así se considera oportuno.

**1.-Acreditación de requisitos e méritos:**

a) A **EXPERIENCIA PROFESIONAL** acreditarase:

- Persoas traballadoras por conta allea: acreditada a través de certificación oficial de vida laboral actualizada e copia de contratos ou nómina onde figure a categoría profesional; ou certificados expedidos por organismos oficiais ou outros documentos oficiais que reflectiren claramente o posto desempeñado, a categoría e a duración da relación laboral.

- Persoas traballadoras autónomas: mediante certificación oficial de vida laboral actualizada, xustificante de alta de actividade económica (IAE) e facturas en que consten os servizos prestados.

- Traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión, a categoría profesional e o tempo de permanencia.

O cómputo da experiencia realizarase de acordo cos datos reflectidos no Certificado de Vida Laboral en proporción á xornada laboral e non soamente segundo a duración do contrato, é dicir, se se require un ano de experiencia para un posto, este haberá de ser a xornada completa.

b) A **FORMACIÓN** acreditarase mediante diplomas, títulos ou certificados da entidade que imparte a formación, facendo referencia inexcusablemente ao número de horas, e debendo constar así mesmo: contidos, datas de impartición e emisión, datos da entidade que imparte a formación, identificación da persoa que certifica (nome e cargo da mesma) e selo da entidade.

As titulacións académicas xustificaranse cos correspondentes títulos ou resgardos da solicitude dos mesmos.

2. Finalizado o prazo de presentación das solicitudes verificarase unicamente a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xerais e mínimos alegados polas persoas aspirantes e imprescindibles para a admisión ao proceso de selección, e se procederá á declaración provisional dos admitidos e excluídos.

A restante documentación presentada polas persoas candidatas será avaliada na Fase de valoración de méritos posterior á publicación dos resultados obtidos na fase de entrevista.

**Exporase a relación provisional das persoas admitidas e excluídas ao proceso de selección no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Vigo e da oficina de emprego, indicando lugar, data e hora que se concede para formular as alegacións (con carácter xeral, outorgarase o prazo de 1 día hábil seguinte á publicación do listado).**

Rematado o prazo de alegacións resolveranse as alegacións formuladas, de ser o caso, e publicarase a relación definitiva de persoas admitidas, coa convocatoria á entrevista na páxina web da entidade promotora e nos taboleiros da entidade promotora e da oficina de emprego.

De non haber persoas candidatas excluídas na listaxe publicada de admitidas incluirase o lugar, data e hora das entrevistas e elevarase automaticamente a definitiva a relación das persoas admitidas.

**Sétima.- SISTEMA DE SELECCIÓN.**

A Comisión de selección será o órgano colexiado encargado de levar a cabo o proceso de selección.

O sistema de selección constará dunha primeira fase que consistirá nunha ***entrevista persoal***, coas persoas candidatas que cumpran os requisitos establecidos na base cuarta destas bases e estean acreditadas, coa fin de avaliar as súas capacidades persoais para desempeñar os postos de traballo que se convocan, e dunha valoración de méritos en base aos baremos.

**1. FASE DE ENTREVISTA PERSOAL:**
O sistema de selección constará dunha primeira fase que consistirá na celebración dunha entrevista persoal coa fin de avaliar as súas capacidades persoais para desempeñar os postos de traballo que se convocan.

***No caso de que non se acade un número mínimo de tres persoas candidatas por posto, o servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo poderá solicitar á oficina do SPEG de maneira extraordinaria e con validez unicamente para o posto do proceso de que se trate, modificar os requisitos mínimos eixidos co fin de acadar candidaturas suficientes.**

A entrevista persoal versará sobre coñecementos, capacidades, habilidades e destrezas necesarias para o desempeño do posto e sobre coñecementos relacionados principalmente co Programa de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego, cos Programas de Emprego e Formación Ocupacional. Esta fase, que con carácter xeral non será eliminatoria, valorarase de **0 ata 7,50 puntos** (35% da puntuación total, como máximo).

A entrevista persoal para a selección do persoal directivo, docentes e persoal de apoio terán lugar nas dependencias indicadas pola entidade promotora, debendo acudir as persoas aspirantes provistas do DNI ou documento substitutivo.

As puntuacións da fase de entrevista publicarase nos taboleiro electrónico do Concello de Vigo e da oficina de emprego.

**2. FASE DE VALORACIÓN DE MÉRITOS:**

Finalizada a fase da entrevista persoal, a Comisión de Selección realizará o baremo de acordo cos criterios reflectidos para cada posto nos Baremos contidos no **ANEXO I.** A puntuación máxima correspondente ao baremo **será de 14,00 puntos** (65% da puntuación total, como máximo).

A Comisión de selección reunirase para a valoración da documentación acreditativa dos méritos alegados, aos efectos de elaborar a relación provisional das puntuacións obtidas na segunda fase outorgadas segundo o baremo.

A relación provisional destas puntuacións publicarase no taboleiro electrónico do Concello de Vigo e nos da oficina de emprego, indicando o día que se concede para formular alegacións á valoración provisional segundo o baremo, así coma a data de exposición da relación definitiva do proceso de selección.

De cada unha das sesións da Comisión de selección estenderase a correspondente acta de selección.

**Oitava.- VALORACIÓN FINAL.**

1. Finalizadas as referidas actividades selectivas, a Comisión de selección reunirase para valorar as alegacións achegadas ás puntuacións obtidas na fase de valoración provisional segundo o baremo, de ser o caso, e procederá á cualificación final das persoas candidatas (titular da especialidade / suplente / non seleccionado/ non presentado).

2. A listaxe de candidaturas propostas pola Comisión de selección será remitida á xefatura territorial que deberá verificar que cumpren con todos os requisitos para poder participar no proxecto. Se algún das persoas candidatas propostas non cumprise ditos requisitos a oficina de emprego comunicarallo á entidade promotora para que poida substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

A relación das persoas admitidas e suplentes do equipo directivo, docente e de apoio do obradoiro de emprego será exposta nos taboleiro electrónico do Concello de Vigo e no da oficina de emprego na que foi realizada a sondaxe, con indicación de que nun prazo máximo de 1 día natural contado a partir do día da publicación do resultado do proceso selectivo, as persoas candidatas deberán comunicar por escrito ao Concello de Vigo a súa aceptación ou renuncia ao posto **telematicamente mediante correo electrónico dirixido á conta ofi.emprego@vigo.org** ou ben presencialmente nas oficinas de Desenvolvemento Local e Emprego na 4ª planta da casa consistorial). Se transcorrido o devandito prazo non se confirma o posto, considerarase que se renuncia ao mesmo, e pasará a adxudicarse á seguinte persoa candidata con maior puntuación, tendo igualmente a obriga de comunicar a aceptación ou renuncia ao dito posto. Achégase anexo correspondente.

O Concello de Vigo estará obrigado a contratar á persoa aspirante que, obtendo a maior puntuación final, fose proposta pola Comisión de selección.

As persoas que resulten seleccionadas para os postos do Obradoiro de emprego, no suposto de estar activos noutro proxecto durante o proceso de selección, deberán na data de sinatura do contrato estar en situación de desemprego.

En todo caso será a entidade promotora a responsable de comprobar que os membros do equipo directivo, docente e de apoio que seleccione manteñen o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao proxecto.

**Novena.- CRITERIOS PARA DIRIMIR EMPATES.**

Para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dous ou máis candidatos/as en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, rexerán os seguintes criterios por orde de prelación:

1. **O maior tempo acreditado en situación de desemprego.**
2. **Completar na súa totalidade contratos anteriores como docente en programas ou obradoiros duais de emprego subvencionados pola consellería competente en materia de emprego da Xunta de Galicia.**
3. **A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.**
4. **A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.**
5. **De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.**
6. **A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.**
7. **A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.**
8. **A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.**
9. **O de maior idade**

**Décima.- LISTAXE DE RESERVA.**

1. Rematado o proceso selectivo, a Comisión de selección elaborará unha listaxe de reserva integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases da selección, obtivesen as seguintes mellores puntuacións finais ás da persoa proposta para ocupar o posto obxecto da convocatoria.
Esta listaxe empregarase para cubrir as vacantes que se produciren unha vez iniciada a prestación da actividade polo inicialmente seleccionado.

2. De non haber persoas candidatas iniciarase un novo procedemento selectivo.

3. No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación, iniciarase un novo procedemento de selección.

**Undécima.- INCIDENCIAS E RECLAMACIÓNS.**

**1. De conformidade co previsto polo artigo 14.2 da Orde do 21 de abril de 2023 (DOG 04/05/2023) da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os**

**procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público.**

2. A entidade promotora resolverá as incidencias e reclamacións que puideren derivarse do proceso de selección, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

**Duodécima.- COMISIÓN DE SELECCIÓN**

O órgano de selección terá carácter colexiado, actuando todos os membros con voz e voto, a excepción do secretario/a, e comparecerán a título individual en cumprimento do art. 60, do Real Decreto lexislativo 5/2015 do 30 de outubro Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

A Comisión de selección estará composta por (5) cinco membros (presidente/a, secretario/a, vogal e dous asesores/as)

A/O secretaria/o intervirá, con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia e elaboración de actas e acordos.

Todas as persoas compoñentes da Comisión de Selección serán propostas pola Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude xunto coas persoas titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior á do posto ofertado, debendo comparecer todas elas a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal e segundo as instrucións da Terceira Tenente de alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía 17 de agosto de 2020 e acordo de Xunta de Goberno Local do 18 de agosto de 2020, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO**

1. **Aprobar as bases de selección** do ALUMNADO-TRABALLADOR do obradoiro dual de emprego **VIGO CAPACITA IX** (cofinanciado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, conforme á resolución da xefatura territorial de Vigo da consellería da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, ao abeiro da Orde do 21 de abril de 2023 (publicada no DOG do 04/05/2023) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR353A), polo importe de **531.046,20€** para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo

que se subscriban co alumnado e, se é ocaso, dunha subvención de 30.000,00€ para incentivos á contratación temporal.

2. **Encomendar á** Terceira Tenente de alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, as sucesivas actuacións que se desenvolvan na tramitación e xestión do proceso de selección do alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego VIGO CAPACITA IX.

3. **Aprobar a composición da Comisión de Selección** do alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego **VIGO CAPACITA IX:**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Presidenta | Carla Candia Paz | Funcionaria | A1 | Xefa de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local |
| Secretaria | Mª Cristina Gago Alonso | Funcionaria | C2 | Auxiliar Administrativa |
| Vogal | Rosa Mª Otero Malvárez | Funcionaria | A2 | Técnica de xestión |
| | Mª José Loureiro Bada | Funcionaria | A1 | Xefa do servizo de Educación |
| | Pedro Mª Vázquez Iglesias | Funcionario | A2 | Técnico Medio Actividades Culturais e Educativas |
| Persoal de apoio | Ana Mª Mouriz Martinez | Laboral | A1 | Coordinadora do Plan Municipal de Emprego |
| | Sonia Mª Martínez Alonso | Laboral | A2 | Orientadora Laboral/Técnica de emprego |

4. Dar traslado deste acordo á Área de RRHH e Formación e á Intervención Xeral Municipal para coñecemento e efectos oportunos.

Contra o este acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO DO ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO VIGO CAPACITA IX (TR353A) EXPTE. 36/00022/2023.

ANTECEDENTES

I.- No DOG Núm. 85 do xoves, 4 de maio de 2023, consta publicada a Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR353A).

Concello de Vigo

Trátase dun programa financiado con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023-2024.

II.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 01 de xuño de 2023, acordou aprobar o proxecto de obradoiro de emprego dual “VIGO CAPACITA IX”, elaborado polo Servizo de Participación cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo (expte. 20085-77) e presentar a solicitude da axuda que foi remitida a través da sede electrónica da Xunta de Galicia con data 02/06/2023.

III. Con data do 17 de outubro de 2023, recíbese a notificación da concesión da resolución da xefatura territorial de Vigo da consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, concedendo a subvención solicitada, por importe total de 531.046,20€, para a realización do proxecto de obradoiro de emprego dual “VIGO CAPACITA IX” (Nº de expte. TR353A 36/00022/2023), ao abeiro da Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR353A). Unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de **531.046,20€** para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego para a realización do proxecto do obradoiro dual de emprego denominado “VIGO CAPACITA IX” para 20 alumnos/as traballadores/as distribuídos nas especialidades formativas de Cociña e Servizos de Restaurante (ámbolos dúas de nivel 2).

VI. A Orde da convocatoria regula dun xeito xenérico o procedemento de selección de todo o persoal participante no programa, polo que a DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E ORIENTACIÓN remitiu, por correo electrónico o 04 de agosto de 2023, Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e dos obradoiros duais de emprego (Convocatoria 2023-24), de data 14 de xuño de 2023, para ditar directrices máis polo miúdo, coa finalidade de dotar dunha maior transparencia e eficacia a xestión do dito procedemento, así como para que todas as entidades sigan unhas pautas de actuación que terán o carácter de xerais e que cada unha concretará atendendo ás peculiaridades de cada un dos proxectos.

A selección da presente convocatoria, será realizada pola entidade promotora, que será a encargada de seleccionar o persoal directivo, docente e de apoio e ao alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego.

A entidade promotora, no proceso de selección, actuará sempre de acordo aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación. Así mesmo, as devanditas actuacións cumprirán cos requisitos mínimos e cos criterios de preferencia establecidos nas correspondentes ordes de convocatoria e instrucións. A entidade promotora deberá establecer as normas de constitución e funcionamento do órgano de selección correspondente.

Polas consideracións expostas é necesario proceder á elaboración e aprobación das bases que rexen o proceso de selección do ALUMNADO-TRABALLADOR do Obradoiro Dual de Emprego VIGO CAPACITA IX:

BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DE DUAL DE EMPREGO “VIGO CAPACITA IX”

**Primeira.- OBXECTO.**
Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigos 10º e 11º da Orde do Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR353A), a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección do alumnado-traballador participante no citado proxecto, promovido polo Concello de Vigo e subvencionado pola antedita Consellería.

Os postos de alumnado-traballador que se convocan son:

- **10 postos** na especialidade **HOTR0408** de **Cociña Nivel 2.**
- **10 postos** nas especialidades **HOTR0608/HOTR0409** de **Servizos de Restaurante Nivel 2**

**Segunda.- OBRIGAS DAS PERSOAS SELECCIONADAS**.
**A)** Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas teórico-prácticas.
**B)** Respectar as normas de réxime interior establecidas polos órganos colexiados unipersoais do obradoiro de emprego legalmente constituídos.
**C)** Aceptar o posto de traballo que a través do obradoiro de emprego se lle poida xestionar.

**Terceira.- RELACIÓN XURÍDICA DO ALUMNADO-TRABALLADOR PARTICIPANTE COA ENTIDADE PROMOTORA DO OBRADOIRO DE EMPREGO.**

1. Dende o inicio da súa participación no obradoiro dual de emprego, o alumnado- traballador seleccionado pola Comisión de selección será contratado polo Concello de Vigo na modalidade de contrato para a formación en alternancia.

2. Os contratos de traballo serán a xornada completa e non poderán exceder a data de remate do obradoiro de emprego (o proxecto terá unha duración de doce meses).

**Cuarta.-REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.**

a) REQUISITOS XERAIS:

1. Posuír a capacidade funcional así como a capacidade física para o normal aprendizaxe das ensinanzas a impartir con ocasión do desenvolvemento do proxecto formativo.

2. Adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar.

b) REQUISITOS MÍNIMOS:

1. Ter 18 ou máis anos de idade.

2. Ser persoa desempregada, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego.

3. Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro de emprego, dende a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto no artigo 11.2 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e de acordo coas modificacións introducidas polo Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

4. Cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os respectivos certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2:

- *Hai que posuír polo menos un dos siguientes requisitos:*
- ◦ *Ter o título de Graduado en ESO, como mínimo.*
- ◦ *Ter calquera certificado de profesionalidade de nivel 2.*
- ◦ *Ter un certificado de profesionalidade de nivel 1 da mesma familia e área profesional.*
- ◦ *Cumprir o requisito de acceso aos ciclos formativos de grao medio, ou ben ter superado ás correspondentes probas de acceso.*
- ◦ *Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos e/ou 45 anos.*
- ◦ *Ter acreditadas as competencias clave de nivel 2.*

c) REQUISITOS PREFERENTES:

- Aquelas persoas aspirantes que non teñan participado noutro obradoiro de emprego.
- Persoas que tendo previsto a realización deste tipo de medida no seu itinerario de inserción profesional, teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como:
    - Mulleres vítimas de violencia.
    - Emigrantes retornados
    - Mulleres en xeral
    - Persoas maiores de 45 anos
    - Persoas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego.
    - Persoas desempregadas de longa duración.
    - Persoas con discapacidade sempre que poidan realizar os traballos.
    - Persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia.

d) CAUSAS DE EXCLUSIÓN:

1. Incumprir os requisitos mínimos
2. Falta de documentación acreditativa
3. Falsear os datos do cuestionario.
4. Ter sido sancionado e/ou ter aberto expediente disciplinario como persoa traballadora deste Concello en calquera dos seguintes programas: Vigo Emprega, Programa de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego, Programas de Cooperación Xunta-Entidades Locais, ou cun contrato temporal ou de interinidade ou en calquera outra relación contractual co Concello de Vigo, por ter incorrido en falta grave ou moi grave, sendo resultado da apertura dalgún expediente de carácter disciplinario, ou ter incorrido en faltas leves de maneira reiterada.
5 . Posuír xa a formación dalgún dos certificados de profesionalidade a impartir no obradoiro de emprego, total ou parcialmente, con independencia de que rematase con resultado de apto ou non.

**Quinta.- SISTEMA DE ADMISIÓN: OFERTA DE EMPREGO TRAMITADA Á OFICINA DE EMPREGO.**

1. O sistema de admisión de persoas candidatas será o de oferta de emprego tramitada na correspondente oficina de emprego.

2. A OFERTA DE EMPREGO: O departamento municipal de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, solicitará ao SPEG o alumnado-traballador que corresponda, de acordo coas características recollidas nas bases mediante a remisión da correspondente Oferta de Emprego, facendo referencia aos requisitos que deben reunir o alumnado-traballador para participar no presente procedemento.

As Oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo, serán as encargadas de enviar as persoas candidatas solicitadas.

No caso de que, as persoas candidatas remitidas non sexan suficientes, solicitarase ás oficinas do SPEG a ampliación das ofertas presentadas, coa finalidade de acadar o número suficiente de persoas candidatas para realizar un proceso de selección efectivo e con garantías de éxito.

3. Os parámetros da sondaxe serán:

a) ÁMBITO XEOGRÁFICO: Concello de Vigo. De non atoparse persoas candidatas suficientes (tres por posto), ampliarase a sondaxe, cos mesmos requisitos, aos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

b) REQUISITOS DO ALUMNADO-TRABALLADOR: os requisitos establecidos na base cuarta.

c) Número de persoas candidatas a remitir: 5 por posto, cun nivel profesional de PEÓN, AXUDANTE OU OFICIAL DE 3ª.

Preferencia aquelas persoas que non teñan participado noutro obradoiro de emprego.

4. Realizada a sondaxe, a oficina de emprego realizará a comunicación ás persoas preseleccionadas de acordo coa forma previamente acordada co Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo indicando ás persoas candidatas o lugar, data e hora para a presentación da SOLICITUDE, e a achega imprescindible dos seguintes documentos:

- Fotocopia do DNI actualizado.
- Vida laboral actualizada (aínda que non teña experiencia laboral)
- Acreditación da maior Titulación académica adquirida.
- Acreditación do seu grao e tipo de discapacidade (se é o caso).
- Informe de Servizos Sociais en caso de pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.
- Acreditación de ter prevista a realización deste tipo de medidas (obradoiros de emprego) no seu Itinerario de Inserción Profesional (se é o caso).

As SOLICITUDES deberán presentarse o día indicado, tendo que achegar, nese momento, imprescindiblemente a documentación necesaria para acreditar os requisitos, sendo motivo de exclusión a falta de dita documentación.

A citación poderá reforzarse co apoio do servizo de información 010 mediante, chamamento telefónico/telemático e/ou vía SMS aos candidatos remitidos, de ser necesario.

Finalizado o prazo de presentación das solicitudes, verificarase o cumprimento dos requisitos xerais e mínimos alegados polas persoas aspirantes e imprescindibles para a admisión ao proceso de selección, e procederá á declaración provisional das persoas admitidas e excluídas.

As persoas que non cumpran o perfil definido nestas bases serán excluídas e non accederán ao proceso selectivo.

Se, unha vez verificadas as solicitudes, quedan menos de dúas persoas por posto, solicitarase ás oficinas do SPEG a ampliación das ofertas presentadas, coa finalidade de acadar dúas persoas por posto na fase de entrevista, co fin de garantir a correcta selección das persoas participantes e realizar un proceso de selección efectivo e con garantías de éxito.

Exporase a relación provisional das persoas admitidas e excluídas ao proceso de selección no taboleiro electrónico de anuncios do Concello de Vigo e da oficina de emprego, indicando lugar, data e hora que se concede para formular as alegacións (con carácter xeral, outorgarase o prazo de 1 día hábil seguinte á publicación do listado).

Rematado o prazo de alegacións, resolveranse as alegacións formuladas, de ser o caso, e publicarase a relación definitiva de persoas admitidas, coa convocatoria á entrevista na páxina web da entidade promotora e no taboleiro electrónico da entidade promotora e da oficina de emprego.

De non haber persoas candidatas excluídas na listaxe publicada de persoas admitidas incluirase o lugar, data e hora das entrevistas e elevarase automaticamente a definitiva a relación das persoas admitidas.

**Sexta.- SISTEMA DE SELECCIÓN.**

1. A Comisión de selección será o órgano colexiado encargado de levar a cabo o proceso de selección.

2. O sistema de selección constará dunha primeira fase que consistirá na celebración dunha entrevista persoal, co obxecto de avaliar o interese das persoas candidatas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo e a adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar. Terá un valor máximo de **16** puntos. (50% da puntuación total, como máximo).

As puntuacións da fase de entrevista publicarase no taboleiro electrónico do Concello de Vigo e da oficina de emprego.

3. Complementarase cunha segunda fase de avaliación das circunstancias persoais e profesionais dos candidatos, por medio dun baremo de acordo cos criterios reflectidos no **ANEXO I**. A puntuación máxima correspondente ao baremo será de **16** puntos (50% da puntuación total, como máximo).

A Comisión de selección procederá á valoración da documentación acreditativa dos méritos alegados, aos efectos de elaborar a relación provisional das puntuacións obtidas na segunda fase outorgadas segundo o baremo.

A relación provisional destas puntuacións publicarase no taboleiro electrónico do Concello de Vigo e da oficina de emprego, indicando o día que se concede para formular alegacións.

De cada unha das sesións da Comisión de selección estenderase a correspondente acta de selección.

**Sétima.- VALORACIÓN FINAL.**

1. Finalizadas as referidas actividades selectivas, a Comisión de selección reunirase para valorar as alegacións achegadas ás puntuacións obtidas na fase de valoración provisional segundo o baremo, de ser o caso, e procederá á cualificación final das persoas candidatas (titular da especialidade / suplente / non seleccionado/ non presentado).

2. A listaxe do alumnado-traballador proposto pola entidade promotora será remitida á correspondente oficina de emprego que deberá verificar que cumpren con todos os requisitos para poder participar no proxecto. Se alguén do alumnado proposto non cumprise ditos requisitos, a oficina de emprego comunicarallo á entidade promotora para que poida substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.
A relación das persoas admitidas e suplentes do alumnado-traballador do obradoiro de emprego será exposta no taboleiro electrónico do Concello de Vigo e no da oficina de emprego na que foi realizada a sondaxe, con indicación de que nun prazo máximo de 2 día naturais contados a partir do día da publicación do resultado do proceso selectivo, as persoas candidatas deberán comunicar por escrito ao Concello de Vigo a súa aceptación ou renuncia ao posto **telematicamente mediante correo electrónico dirixido a conta ofi.emprego@vigo.org** ou ben presencialmente nas oficinas de Desenvolvemento Local e Emprego na 4ª planta da casa consistorial. Se transcorrido o devandito prazo non se confirma o posto, considerarase que se renuncia á mesma, e pasará a adxudicarse á seguinte persoa candidata con maior puntuación, tendo igualmente a obriga de comunicar a aceptación ou renuncia o dito posto. Achégase anexo.
O Concello de Vigo estará obrigado a contratar á persoa aspirante que, obtendo a maior puntuación final, fose proposta pola Comisión de selección.

En todo caso será a entidade promotora a responsable de comprobar que o alumnado que seleccione mantén o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao proxecto.

**Oitava.- CRITERIOS PARA DIRIMIR EMPATES.**

Os criterios para dirimir os empates, no proceso de selección das persoas participantes no proxecto formativo como alumnos-traballadores, serán:

1. Non ter participado noutro obradoiro de emprego.
2. Maior tempo acreditado como desempregado.
3. Ter o menor nivel académico.
4. Ter a menor idade.
5. Ter menor protección de desemprego.

**Novena.- LISTA DE RESERVA.**

1. Rematado o proceso selectivo, a Comisión de selección elaborará unha listaxe de reserva integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases da selección, obtivesen as seguintes mellores puntuacións finais ás da persoa proposta para ocupar o posto obxecto da convocatoria.
Esta listaxe empregarase para cubrir as vacantes que se se puideran producir unha vez iniciada a prestación da actividade pola persoa inicialmente seleccionada.

2. De non haber persoas candidatas, iniciarase un novo procedemento selectivo.

3. No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivese dispoñible para a súa contratación, iniciarase un novo procedemento de selección.

**Décima.- INCIDENCIAS E RECLAMACIÓNS.**

1. De conformidade co previsto polo artigo 14.2 da orde do 21 de abril de 2023 (DOG 04/05/2023) da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas mesmo cando a entidade promotora sexa unha entidade pública. As persoas mozas seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego pública previa.

2. A entidade promotora resolverá as incidencias e reclamacións que puidesen suscitar derivadas do proceso de selección, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

**Undécima.- COMISIÓN DE SELECCIÓN**

O órgano de selección terá carácter colexiado, actuando todos os membros con voz e voto, a excepción do secretario/a, e comparecerán a título individual en cumprimento do art. 60, do Real Decreto lexislativo 5/2015 do 30 de outubro Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

A Comisión de selección estará composta por (5) cinco membros (presidente/a, secretario/a, vogal e dous/dúas asesores/as)

A/O secretaria/o, intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia e elaboración de actas e acordos.

Tódolos membros da Comisión de Selección serán propostos pola terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude xunto coas persoas titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior á do posto ofertado, debendo comparecer todas elas a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

O órgano de selección en canto á súa composición e funcionamento, deberá respectar obrigatoriamente o disposto no artigo 60 do Real Decreto lexislativo 5/2015 do 30 de outubro Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, así coma calquera outra normativa legal vixente de aplicación.

Da valoración que a Comisión de Selección realice das persoas candidatas, emitirase Acta co listado do persoal seleccionado.

A Comisión de selección contará co asesoramento técnico do persoal do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego que estime necesario.

A participación neste proceso selectivo implica aceptar a utilización dos datos persoais das persoas candidatas por parte da Concellería de Emprego, exclusivamente para os fins que se

definen nestas bases de convocatoria, cumprindo os requisitos establecidos no Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

**ANEXO- ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DO POSTO**

| |
|---|
| Apelidos____________________________________________________<br>Nome______________________________________________________<br>DNI________________________Teléfono de contacto___________________<br>E-mail ______________________________________________________ |

Persoa participante no proceso selectivo de alumnado-traballador do Obradoiro Dual de Emprego "**VIGO CAPACITA IX**" e seleccionada no posto de:

..........................................................................................................

☐ ACEPTO O POSTO

☐ RENUNCIO AO POSTO

_______________________ , ______de___________________de 2023

**Sinatura:**

**ANEXO I**

**BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO DE GARANTÍA XUVENIL**

**1.- MULLERES**

- En xeral ………............................................................................1 pto.
- No caso de ser vítima de violencia de xénero ................................ 2 ptos.

**2.- DISCAPACIDADE**

- Minusvalía ≥ 33% ……….........…..................................................1 pto.
  (*Sempre que poidan realizar os traballos*)

**2.- EMIGRANTES RETORNADOS**

- Persoa emigrante retornada ……….........…...................................1 pto.

**3.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO**

- Perceptores de desemprego ……...............…............................... 1 pto.
- Perceptores de subsidio ou axudas
  RAI, PREPARA , ACTIVA , RISGA, etc.....……......…..............2 ptos.
- Non perceptores ………….............………...................................3 ptos.

**5.- TEMPO DE DESEMPREGO DENDE O ÚLTIMO TRABALLO (segundo vida laboral actualizada)**

Se non hai anotacións en vida laboral, a referencia será a data de inscrición como demandante de empego

- Menos de 12 meses ...............................................................1 pto.
- Entre 12 e 18 meses … ......................................................... 2 ptos.
- Máis de 18 meses… ..............................................................3 ptos.

**6.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL**

- Colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social: ......1 pto.

Factores ponderados polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social
da persoa que condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral.
Acreditarase mediante informe de servizos sociais.

**7.- FORMACIÓN ACADÉMICA**

- Certificado de profesionalidade de nivel 2 da mesma familia e área profesional................................................................... 3 ptos.
- Bacharelato/BUP e FP ciclo medio.......................................... 2 ptos.
- FP de ciclo superior/Certificado de profesionalidade de nivel 3......................................................................... ............ 1 pto.
- Títulos universitarios ................................................................ 0,5 ptos.

**8.- OUTROS**

Ter prevista a realización deste tipo de medida no seu Itinerario de Inserción

Profesional
(IPI)........................................................................................................0,5 ptos

(Certificado da oficina de emprego de ter previsto no seu IPI a realización deste tipo de medida)

Non ter participado con anterioridade nun programa mixto
de emprego e formación (escolas obradoiro ou obradoiro de emprego)....1,5 ptos.

- De non aportar documentación non será valorado o apartado correspondente

**SOLICITUDE ALUMNADO-TRABALLADOR-OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "VIGO CAPACITA IX"**

Apelidos_______________________________________________________________

Nome_______________________________________

DNI _________________ Data nacemento ________________ Idade_________

Teléfono/s___________________________________

E-mail _______________________________________________________________

Enderezo_________________________________________Nº_______Piso_______

Concello__________________C.P.______

**-FORMACIÓN ACADÉMICA.** Indica a titulación que posúes na actualidade:

- Certificado de estudios primarios ...................... - Graduado escolar …........................
- ESO sen aprobar …….................. - Graduado en ESO ..…………………
- FP1 ou Ciclo medio de ………………………….................................
- BUP.....................................COU............................
Bacharelato……………………………………..
- FP2 ou Ciclo superior de……………….................
……………….....................................................
- Proba Acceso: -CM……...…………………….....…....-CS…………………...………………...............
- Proba de Acceso á universidade para maiores de 25 anos:
……………………………………………
- Diplomatura en ………………………...................….- Licenciatura en
………….......................................
- Grao de .......................................................................

Realiza estudios na actualidade ? .................
Cales ?...................................................................................................................................

- COMPETENCIAS CLAVE establecidas para os Certificados de Profesionalidade?
-Competencia Matemática..........................................................Nivel 2...................Nivel 3.................

-Comunicación en Lingua Castelá.......................................Nivel 2.................Nivel 3.................
-Comunicación en Lingua Galega......................................Nivel 2....................Nivel 3.................
-Comunicación en Lingua Estranxeira (Inglés)................Nivel 2.....................Nivel 3.................

**NIVEL DE LINGUA GALEGA**: Celga 2...., Celga 3...., Celga 4...., Iniciación....,Perfeccionamento....,

**-CURSOS DE FORMACIÓN OCUPACIONAL REALIZADOS** (INEM, Xunta Galicia**).**

- Centro................................Curso..........................Duración................meses, ano ..….........

- Centro....................................Curso................................................Duración................meses, ano ................

**-Foi ALUMNO** dalgunha Escola Obradoiro, Casa de Oficios ou Obradoiro de Emprego?

**D)** NON
**E)** SI: Escola/Obradoiro ......... .....................................Especialidade........................................ Data......................

**-POR QUE LLE INTERESA PARTICIPAR NESTE PROXECTO?.........................................**

**........................................................................................................................................**

**.........................................................................................................................................**

**-QUE ESPERA OBTER CON ESTE OBRADOIRO DE EMPREGO?**

**---------------------------------------------------------------------------------------------------------------**

**----------------------------------------------------------------------------------------------------------------**

**----------------------------------------------------------------------------------------------------------------**

**-EXPERIENCIA PROFESIONAL.** Relacione os distintos traballos realizados:

..........................................................................................................................................

..........................................................................................................................................

..........................................................................................................................................

..........................................................................................................................................

**-ASINOU ALGÚN CONTRATO DE APRENDIZAXE-FORMACIÓN?......................................................**

Concello de Vigo

**-TEN PLANIFICADO ALGÚN ITINERARIO PROFESIONAL DE INSERCIÓN?.....................................**

**En caso afirmativo, está prevista a realización dun obradoiro de emprego no seu itinerario?...................**

**Especialidade?.........................................................................**

**-PERCIBE PRESTACIÓN OU SUBSIDIO DE DESEMPREGO?.......................................................**

**-PERCIBE ALGÚN OUTRO TIPO DE AXUDA ECONÓMICA (RAI, RISGA…..)?…………........**

**-PERTENCE ALGÚN COLECTIVO DESFAVORECIDO OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL? .......................................(En caso afirmativo, terá que acreditalo)**

**-POSÚE VOSTEDE ALGUNHA DISCAPACIDADE?.............. INDÍQUEA** (En caso afirmativo, terá que acreditalo),..........................................................................................................

**-CANTOS MEMBROS CONSTITÚEN A SÚA UNIDADE FAMILIAR?... .......................... Cantos teñen ingresos?....................**

**-POSÚE VOSTEDE ALGÚN PROBLEMA QUE LLE IMPIDA DESENVOLVER O TRABALLO CON NORMALIDADE?**

.............................................................................................................................................

.............................................................................................................................................

**Declaro baixo a miña responsabilidade que todos os datos anteriores son certos**.

……….., ........... de ……………. de 2023

Sinatura

________________________________________________

CONCELLERÍA DE EMPREGO | CONCELLO DE VIGO

# AUTORIZACIÓN EXPRESA Á CONSULTA DE DATOS

**SELECCIÓN ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE DUAL DE EMPREGO VIGO CAPACITA IX**

Don/Dona…………………………........…………………………..............…., co DNI.....………..... ………

participante no proceso de selección do alumnado-traballador do Obradoiro dual de emprego VIGO CAPACITA IX,

**AUTORIZO EXPRESAMENTE Á CONSULTA DOS SEGUINTES DATOS *(marcar as celas daqueles documentos para os que autoriza a consulta*)*:**

–Acceso a situación de desemprego (SEPEG). Consulta de subsidios ou prestacións por desemprego.

–Datos de prestacións recibidas (INSS).

–Acceso á consulta de datos de discapacidade e dependencia. Certificado de recoñecemento de grao de discapacidade e resolución de recoñecemento do grao de dependencia e prestación, no seu caso.

**** No caso/s de NON autorizar a consulta, deberá presentarse a documentación actualizada que acrediten os criterios de baremación, de non presentar a dita documentación*** **non se terá en conta no proceso de baremación.**

Vigo, _______,_____________de 2023

Sinatura

**14(885).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO SANITARIO DE AMBULANCIAS ASISTENCIAIS DURANTE AS CAMPAÑAS DO NADAL. Expte. 9932/106.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o Informe xurídico de data 26/10/2023 e o informe de fiscalización do 27/10/2023, dáse conta do informe-proposta de data 26/10/2023, asinado polo enxeñeiro industrial (Resolución 19/06/2022) e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1.- Mediante resolución de data 04/10/2023 o concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais acordou iniciar os trámites administrativos e técnicos para a **contratación por procedemento aberto simplificado a prestación do servizo sanitario de ambulancias asistenciais durante as datas do Nadal, con especial incidencia nos actos de acendido e apagado e nos días previstos de máxima afluencia durante as Campañas do Nadal 2023-2024 e 2024-2025.**

2.- No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- **Informe xustificativo da necesidade e idoneidade** asinado polo xefe enxeñeiro municipal adscrito ao Servizo de Comercio e polo concelleiro da Área de Goberno de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais de data 04/10/2023.
- **Resolución de inicio de expediente de contratación** asinada polo concelleiro da Área de Goberno de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais en data 04/10/2023.
- **Documentos económicos de retención de crédito** con operacións RC-164680 e RCFUT-164681 asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentación-Intervención con data 06/10/2023.
- **Prego de prescricións técnicas particulares** (artigo 116.3 LCSP) asinado polo enxeñeiro municipal adscrito ao Servizo de Comercio en data 20/10/2023.
- **Declaración de neutralidade** do redactor do prego de prescricións técnicas, de data 20/10/2023.
- **Memoria económica** asinada polo enxeñeiro municipal adscrito ao Servizo de Comercio e polo concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais con data 20/10/2023.
- **Memoria xustificativa** do contrato asinada polo enxeñeiro municipal adscrito ao Servizo de Comercio e polo concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais de data 20/10/2023.
- **Informe da xefa do Servizo de Contratación** de data 20/10/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- **Prego de cláusulas administrativas particulares** para a contratación da subministración e a prestación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, de data 26/10/2023.

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2023 nos concelleiros de Área. O concelleiro da Área de Goberno de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especias mediante resolución de data 04/10/2023 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

**Segundo.-** Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramítase como un contrato de servizos.

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e, nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na memoria xustificativa, xustifícase a insuficiencia de medios (116.4.f LCSP), o prezo e a súa determinación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 159 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional tercera da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento xa incorporado ao expediente, xunto co informe da fiscalización previa que achegará a Intervención Xeral, uniranse ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

**Octavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.
Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

**ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación para contratar **por procedemento aberto simplificado a prestación do servizo sanitario de ambulancias asistenciais durante as datas do Nadal, con especial incidencia nos actos de acendido e apagado e nos días previstos de máxima afluencia durante as Campañas do Nadal 2023-2024 e 2024-2025.**

**SEGUNDO.-** Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares de data 20/10/2023 e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 26/10/2023.

**TERCEIRO.-** Autorizar o gasto de **78.650 euros**, exento IVE de acordo co artigo 20.1.15º da Lei 37/1992 do Imposto sobre o Valor Engadido, durante o seguinte prazo de execución:

- **Campaña do Nadal 2023-2024.** A prestación do servizo comezará a contar desde 18 de novembro de 2023, ou en todo caso, desde a data de inauguración da Campaña do Nadal 2023-2024, e rematará o 14 de xaneiro de 2024 ou, en todo caso, o día do acto de apagado da iluminación da Campaña do Nadal.

- **Campaña do Nadal 2024-2025.** A prestación do servizo comezará a contar desde 15 de novembro de 2023, ou en todo caso, desde a data de inauguración da iluminación da Campaña do Nadal e rematará o 12 de xaneiro de 2025 ou, en todo caso, o día do acto de apagado da iluminación da Campaña do Nadal.

o cal se imputará á partida *4310.2279901 "Programa de decoración y animación Nadal".* co seguinte desglose:

<u>Campaña do Nadal:</u>

| | |
|---|---|
| 2023-2024 | 39.325,00 € |
| 2024-2025 | 39.325,00 € |
| **TOTAL** | **78.650,00 €** |

<u>*Exercicios económicos*</u>:

Os importes dos diferentes exercizos económicos son os seguintes:

**2023**.- 39.325 €*80%= **31.460,00 €**

**2024.-** 39.325 €*20% + 37.750 €*80%= **39.325,00 €**

**2025.-** 39.325 €*20% = **7.865 €**

**CUARTO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(886).- ROGOS E PREGUNTAS.**
Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez